

Dürrenmatt

Os

Físicos

Comedia

Diogenes

Diogenes Libros de Bolsillo 20837

**de
te
be**

Friedrich Dürrenmatt
Edición das obras
en trinta tomos.

Publicados
en colaboración
co autor

Tomo 7

Friedrich Dürrenmatt

**OS
FÍSICOS**

Unha comedia

en dous actos

Nova edición 1980

Diógenes

Contido

Os físicos

Una comedia

Acto primeiro 11

Acto segundo 54

Apéndice

21 puntos sobre os Físicos 91

Consideración xeral
sobre a edición final 1980 da miña comedia

En contraposición ás distintas versións anteriormente aparecidas separadamente na Editorial Ache, para min tratábase no caso das versións para a edición das obras (completas), non de publicar as versións dirixidas ao teatro, iso é as tachadas (enmedadas/retocadas), senón da versión válida literariamente. Literatura e teatro son dous mundos distintos: ademais das comedias que eu escribín *exclusivamente* para o teatro, *Play Strindberg* e *Porträt eines Planeten*, que son pezas para ensaiar os actores e que escribín como director, reproduzo no que sigue – as primeiras pezas non as toquei – a versión literaria, un resumo de diferentes as versións.

F.D.

Os Físicos

Unha comedia en dous actos

Nova edición 1980

Para Therese Giehse

PERSONAXES

A señorita Doutora	
Mathilde von Zahnd	<i>Médica de loucos/psiquiatra</i>
Marta Boll	<i>Irmá superiora</i>
Monika Stettler	<i>Enfermeira</i>
Uwe Sievers	<i>Coidador xefe</i>
MacArthur	<i>Coidador</i>
Murillo	<i>Coidador</i>
Herbert Georg Beutler,	
Chamado Newton	<i>Paciente</i>
Erst Heinrich Ernesti,	
Chamado Einstein	<i>Paciente</i>
Johann Wilhelm Möbius	<i>Paciente</i>
Misioneiro Oskar Rose	
Señora do misioneiro Lina Rose	
Adolf-Friedrich	} <i>os seus rapaces</i>
Wilfried-Kaspar	
Jörg-Lukas	
Richard Voss	<i>Inspector criminalista</i>
Guhl	<i>Policía</i>
Blocher	<i>Policía médico forense</i>

Nota do traductor: Os nomes e apelidos dos personaxes parecen non ser causalmente escolleitos polo autor, senón que semella que o significado destes en alemán caracterizan de algún xeito ao personaxe sobre o que recaen. A cuestión da orixe etimolóxica destes nomes e apelidos non é algo para resolver nesta traducción, pero algunha suxestión acerca do seu significado pode facer ver estas conexións:

- Zahnd: podería ter que ver con Zahn: dente, ou Zacke: punta, pico, dente: [dentuda, picuda, chepuda?]
- Boll: Bolle: no norte de alemania cebola; capullo dunha flor, cápsula seminal; e en suiza: Bülle: cebola ou fig. Reloxo en forma redonda: [pequena e redonda, achatada e/ou persoa con moitas capas, difícil de saber o que hai por baixo?]
- Stettler: en grego sthetos= peito: [tetuda?]
- Sievers: Sievert: unidade de medida 1 J/Kg debida ao físico sueco R. Sievert: [forzado e meticuloso?]
- Beutler: Beute: botín de caza, Beutel: bolsa en forma de saquiño, bulsa de cartos; Beutler:

marsupial: [pesetero, cazador de recompensas?]

- Ernesti: ernst: grave, formal, rigoroso; Ernst: Ernesto (seriedade ou rigor científico, pero con terminación soante a italiano: [científico toleirán?]

- Möbius: August Ferdinand Möbius, matemático alemán, “cinta de Möbius”: que só posúe unha cara: [extravagante, insondable?]

- Voss: No alemán baixo ou “inculto” (Plattdeutsch) quizáis teña que ver con Fucks= zorro: [husmeador, indagador?].

- Guhl: ser de fábula que debora cadáveres (en inglés *ghoul*; procedente do árabe *ġūl*) aparece en distintas formas mitolóxicas e literaturas: [deborador de cadáveres?]

- Blocher: Home corporalmente ou psicoloxicamente tosco, macizo, grosero (ver [Bernd Naumann](#)); estranxeiro, italiano (ver [Viktor Schobinger](#)); tronco, tarugo, leño/ cárcere, grilletes (Ver [Max Gottschald](#)): [Bruto, tosco?].

- Moser: quizais do verbo mosern: protestar: protestona, refusada?

- Straub: O apelido podería ter que ver co verbo sträuben: erizar, fig. resistencia, oposición.

Acto Primeiro

Lugar: Salón dunha comfortable, aunque algo destartallada, vila do sanatorio privado "Les Cerisiers"¹.

Entorno cercano: primeiramente natural, logo edificadada beira dun lago, máis tarde unha cidade mediana, tirando a pequena.

O outrora acolledor niño co seu castelo e o seu casco vello, está agora aderezado con horrendos edificios das compañías aseguradoras e susténtase principalmente dunha modesta universidade cunha facultade de teoloxía adosada e de cursos de idiomas estivais; tamén de unha escola de comercio e de técnicos odontólogos; logo, de un pensionado de monxas e dunha apenas digna de mención industria lixeira, ademáis fóra de servicio. A máis inri a paisaxe tranquiliza superfluamente aínda máis os nervios, en calquera caso amosa azuis cadeas montañosas, outeiros con bosques prantados polo home e un considerable lago, así coma unha ampla, polas mañanciñas fumeante, chaira na proximidade inmediata -denantes un sombrío pantano- agora fértil e surcada por canais, un centro penitenciario nalgues coa súa correspondente gran explotación agrícola, de tal xeito que se ven por todas partes calados e desdebuxados grupos e grupúsculos de delinquentes sachando e escarabellando na terra.

Malia a que a localización realmente non xoga ningún papel, sen embargo é mencionada por mor da exactitude, ben que, de certo, nunca abandoamos a vila do manicomio (agora si que caíu o palabra); aínda de xeito máis preciso: incluso non abandoaremos o salón, tal e como nos propuxemos, para manter estrictamente a unidade de espazo, tempo e acción; pois a unha acción que ten lugar entre tolos soamente lle casa a forma clásica.

Pero vaíamos ao gran. Polo que á vila respecta, noutros tempos estiveran aloxados nela o conxunto de pacientes da fundadora da empresa, a señorita Doutor Honoris Causa, doutor en medicina Mathilde von Zahnd, aristócratas vidos a menos, políticos arterioescleróticos –caso de non rexir aínda-, millonarios oligofrénicos, escritores esquizofrénicos, grandes industriais maníaco-depresivos etc., en poucas palabras, a totalidade da elite espiritualmente extraviada de medio Occidente, pois a señorita Doutor é célebre non só porque a chepuda solteirona, no seu sempiterno batín médico, procedía dunha poderosa familia autóctona, cuio último vástago digno de mención ela é, senón tamén como filántropo e psiquiatra de sona, pódese afirmar con toda tranquilidade: de sona mundial (pois o seu intercambio epistolar con C.G.Jung acaba de publicarse). Certo que agora os pacientes prominentes e non sempre agradables foron asentados dende hai tempo na elegante e luminosa nova edificación; gracias aos horrendos precios incluso o pasado máis siniestro se torna en puro disfrute.

A nova construción exténdese en distintos pabellóns (con vidrieiras cromadas de Ernis na capela) pola parte sur do vasto parque cara a chaira, mentres que o prado, salpicado de xigantescas árbores, descende dende a vila cara o lago. Ao longo da beira discorre un muro de pedra.

No salón da agora escasamente poboada vila adoitan estar tres pacientes, casualmente físicos, ou quizais non tan casualmente, pois aplícanse principios humanitarios e permítese que esté xunto ao que lle pertence estar xunto. Estes viven para si, cada un enliado no seu mundo imaxinario, toman as comidas xuntos no salón, ás veces discuten sobre a súa ciencia ou permanecen en silencio mirando ao baleiro, inofensivos, entrañables tolos, dóciles, fáciles de tratar e sen pretensións. Nunha

1 En francés: Os cereixeiros.

palabra, darían o perfil de verdadeiros pacientes modelo se non fose porque hai un tempo ocorreu algo preocupante, ou directamente horripilante: hai tres meses un deles estrangulou a unha enfermeira, e agora produciuse o mesmo acontecemento de novo. Así que a policía está outra vez na casa. O salón está por iso máis poboado ca de cote. A enfermeira xace sobre o parqué en tráxica e definitiva posición, máis ben en segundo plano para non asustar ao público innecesariamente. O que non pode pasarse por alto é que tivo lugar unha loita. Os mobles foron a parar considerablemente desordenados. Unha (lámpada) lámpara de pé e dous sillóns xacen polo chan, e diante á esquerda hai unha mesa redonda volcada (emborcada) de tal xeito que agora as patas miran pasamadas cara o espectador.

Polo demais a reforma en manicomio (a vila fora unha vez a residencia de verán dos von Zahnd) deixou no salón pegadas dolorosas tras de si. As paredes foron sobrepintadas con verniz antiséptico, a só por enriba asoma a baixocapa de xeso con estucos aínda en parte conservados. As tres portas no fondo, que dende unha pequena antesala conducen ás habitacións de enfermos dos físicos, están acolchadas con coiro negro. Ademais están numeradas do un ao tres. Á esquerda xunto a antesala un horrible radiador de calefacción central, á dereita un lavabo con toallas de man nun colgador.

Dende a habitación número dous (a do medio) irrompe o son dun violín con acompañamento de piano. Beethoven. A sonata Kreutzer. Á esquerda atópase a fachada que dá ao parque, os altos ventanais que caen ata o parqué, este recuberto de Linóleo. Á esquerda e dereita da fronte dos ventanais unha pesada cortina. A porta de dobre batente dá a unha terraza, cuxa balaustrada de pedra se ergue dende o parque e o tempo relativamente soleado de novembro. Pasa un pouco das catro e media da tarde. Á dereita, enriba dunha inutilizada cheminea, diante da que hai posta unha rexa, colga o retrato dun vello con perilla nun pesado marco dourado. Diante á dereita unha pesada porta de carballo. Do artesanado marrón pende unha pesada lámpada araña. Os mobiliario: Ao lado da mesa redonda érguense –cando o salón está recolleito- tres cadeiras: pintadas de branco como a mesa. O resto dos mobles lixeiramente deteriorados son de épocas diferentes. En primeiro plano á dereita un sofá con mesiña, flanqueado por dous sillóns. A lámpada de pé pertencelle estar propiamente tras do sofá, a estancia con todo iso non está sobrecargada: poucas cousas se precisan para decorar un escenario sobre o que, ao contrario das pezas dos antigos, o drama satírico precede á traxedia. Podemos comezar.

Arredor do cadáver afánanse funcionarios da policía criminal, vestidos de civís, almas tranquilas, campechanos rapaces que xa levan consumido a súa fecha de viño branco e desprenden ese cheiro. Estes miden, toman as pegadas dactilares, trazan os contornos do cadáver con xiz (tiza) etc. No medio do salón está o inspector criminalista Richard Voss, en sombreiro e abrigo, á esquerda a (enfermeira xefe) Irmá Superiora Marta Boll que semella tan resolta como o seu nome indica e ela é. No sillón situado máis á dereita senta un policía taquigrafiando. O inspector criminalista saca un puro dunha petaca marrón.

INSPECTOR Está permitido fumar non?

IRMÁ SUPERIORA Non é o habitual.

INSPECTOR Perdón. *Volve a enfundar o puro.*

IRMÁ SUPERIORA Unha taza de té?

INSPECTOR Preferiría un trago.

IRMÁ SUPERIORA Atópase vostede nunha instalación sanitaria.

INSPECTOR Logo nada. Blocher podes tomar fotografías.

BLOCHER Como diga, señor Inspector.

Tómanse fotografías. Flashes.

INSPECTOR Como se chama a irmá (enfermeira)?

IRMÁ SUPERIORA Irene Straub.

INSPECTOR Idade?

IRMÁ SUPERIORA Vinte e dous. Natural de Kohlwang.

INSPECTOR Parentes?

IRMÁ SUPERIORA Un irmán no leste de Suíza.

INSPECTOR Posto en antecedentes?

IRMÁ SUPERIORA Telefonicamente.

INSPECTOR O asasino?

IRMÁ SUPERIORA Por favor, señor Inspector – pero se o probe home está enfermo.

INSPECTOR Está ben: o autor?

IRMÁ SUPERIORA Ernst Heinrich Ernesti. Nós chamámolo Einstein.

INSPECTOR Por que?

IRMÁ SUPERIORA/ENFERMEIRA XEFE Porque el se ten por Einstein.

INSPECTOR Non me diga. *Vólvese cara o policía taquígrafo.* Ten vostede as declaracións da Irmá Superiora(enfermeira xefe), Guhl?

GUHL Si correcto, señor Inspector.

----- 15 -----

INSPECTOR Tamén estrangulada, doutor?

MÉDICO FORENSE Claramente. Co cable da lámpada de pé. Estes tolos despregan a miúdo forzas xigantescas. É algo abraiante (apabullante).

INSPECTOR Ah si. Iso cre. Logo paréceme a min irresponsable deixar que as enfermeiras coiden deses loucos. Este é xa o segundo asasinato-

IRMÁ SUPERIORA Por favor, señor Inspector.

INSPECTOR A segunda desgracia en tres meses no sanatorio "Les Cerisiers". *Saca un libro de notas.* O doce de agosto un tal Herbert Georg Beutler, que se ten por polo gran físico Newton, estrangulou á enfermeira Dorothea Moser. *Volve a gardar o libro de notas.* Tamén neste salón. Con coidadores isto nunca tería pasado.

IRMÁ SUPERIORA Cre vostede? A Irmá Dorothea Moser era membro da Asociación Feminina de Loita Libre e a irmá Irene Straub campeona cantonal da Asociación Nacional de Iudo.

INSPECTOR E vostede?

IRMÁ SUPERIORA Eu fago alterofilia.

INSPECTOR Podo agora ver ao asasino-

IRMÁ SUPERIORA Por favor, señor Inspector.

INSPECTOR Ver ao autor dos feitos.

IRMÁ SUPERIORA Está tocando o violín.

INSPECTOR Que significa: está tocando o violín?

IRMÁ SUPERIORA Vostede xa o está escoitando.

INSPECTOR Logo que pare por favor. *Como a Irmá Superiora non reacciona.* Teño que tomarlle declaración.

IRMÁ SUPERIORA Non se pode.

INSPECTOR Por que non se pode?

IRMÁ SUPERIORA Non podemos permitir iso por razóns médicas. O señor Ernesti agora ten que tocar o violín.

----- 16 -----

INSPECTOR O tipo, despois de todo, estrangulou a unha enfermeira!

IRMÁ SUPERIORA Señor Inspector. Non se trata de un tipo, senón dun ser humano enfermo que precisa tranquilizarse. E posto que se ten por Einstein, só se tranquiliza cando toca o violín.

INSPECTOR Son eu o tolo entón?

IRMÁ SUPERIORA Non.

INSPECTOR Pois é para poñerse louco. *Límpase a suor.* Que calor hai aquí.

IRMÁ SUPERIORA De ningunha maneira.

INSPECTOR Irmá Superiora Marta. Por favor, que veña a médico xefe.

IRMÁ SUPERIORA Tampouco pode ser. A señorita Doutor acompaña a Einstein ao piano. Einstein só se tranquiliza se a señorita Doutor o acompaña.

INSPECTOR E fai tres meses a señorita Doutor tivo que xogar ao xadrez con Newton, para que este se poidese tranquilizar. A isto non me presto outra vez, irmá superiora Marta. Sinxelamente teño que falar coa doutora xefe.

IRMÁ SUPERIORA Por favor. Agarde vostede entón.

INSPECTOR Cando vai tardar o violinar aínda?

IRMÁ SUPERIORA Un cuarto de hora, unha hora. Asegún.

INSPECTOR *Conténdose.* Moi bonito. Agardo. *Brama.* Agardo!

BLOCHER Xa estaríamos acabados, señor Inspector.

INSPECTOR *Apático.* Acabado estanme deixando a min.

Silencio. O inspector sécase a suor.

----- 17 -----

INSPECTOR Podedes desaloxar o cadáver.

BLOCHER Como diga, señor Inspector.

IRMÁ SUPERIORA Mostrareille aos señores o camiño cara a capela a través do parque.

Ela abre a porta de dobre batente. O cadáver é conducido afóra. Así mesmo os instrumentos. O

Inspector saca o sombreiro, senta esgotado no sillón á esquerda do sofá. Aínda soa o violín e o acompañamento ao piano. De súpeto sae da habitación número 3 Herbert Georg Beutler nun traxe de principios do século dezaioito con perruca.

NEWTON Sir Isaac Newton.

INSPECTOR Inspector Criminalista Richard Voss. *Permanece sentado.*

NEWTON Un pracer. Un gran pracer. En verdade. Escoitei alboroto, xemidos, estrépito, logo un ir e vir de persoas. Podo preguntar o que aquí ocorre?

INSPECTOR A irmá Irene Straub² foi estrangulada.

NEWTON A campiona cantonal da Asociación Nacional de Iudo?

INSPECTOR A campiona cantonal.

NEWTON Horrible.

INSPECTOR Por Ernst Heinrich Ernesti.

NEWTON Pero el está tocando o violín.

INSPECTOR Ten que tranquilizarse.

NEWTON A loita debe telo cansado ben. Pois el é máis ben escuchumizado. Con que foi que-?

INSPECTOR Co cable da lámpara de pé.

NEWTON Co cable da lámpara de pé. Tamén unha posibilidade. Ese Ernesti. Síntoo por el. Fóra do normal.

----- 18 -----

E tamén o sinto pola campiona de iudo. Permita vostede. Teño que recoller un pouco.

INSPECTOR Por favor. O estado dos feitos(sumario) está instruído.

Newton pon de pé a mesa, logo as cadeiras.

NEWTON Non soporto a desorde. En realidade fíxeme físico por amor á orde. *Pon de pé a lámpara.* Para retrotraer a aparente desorde da natureza a unha orde superior. *Encende un cigarrillo.* Moléstalle que fume?

INSPECTOR *Contento.* Todo o contrario, eu – *Quere sacar un puro da petaca.*

NEWTON Disculpe vostede, xa que acabamos de falar de orde: aquí só lles está permido fumar aos pacientes e non aos visitantes. Se non enseguida apestaría todo o salón.

INSPECTOR Comprendo. *Volve a gardar a petaca..*

NEWTON Moléstalle se me poño un copiña de coñac?

INSPECTOR Claro que non.

Newton colle unha copa e unha botella de coñac de detrás da rexa da cheminea

2 N.T: O apelido podería ter que ver co verbo sträuben: erizar, fig. resistencia, oposición.

NEWTON Vaites con Ernesti. Estou completamente desconcertado. Como pode unha persoa abofé estrangular a unha enfermeira! *Séntase no sofá, sérvese un coñac.*

INSPECTOR Home, tamén vostede estragoulou a unha enfermeira.

NEWTON Eu?

INSPECTOR A irmá Dorothea Moser³.

----- 19 -----

NEWTON A loitadora?

INSPECTOR O doce de agosto. Co cordón da cortina.

NEWTON Pero iso é unha cousa moi diferente, señor Inspector. Eu, ao fin e ao cabo, non estou louco. Á súa saúde.

INSPECTOR Á súa.

Newton bebe.

NEWTON A irmá Dorothea Moser. Se eu me poño a facer memoria. Rubia cor da palla. Unha forza descomunal. Flexible pese á corpulencia. Ela amábame e eu amábaa. O dilema só se podía resolver cun cordón de cortina.

INSPECTOR Dilema?

NEWTON A miña misión consiste en meditar sobre a gravitación, non en amar unha femia.

INSPECTOR Comprendo.

NEWTON A mais estaba a enorme diferenza de idade.

INSPECTOR Xa o creo. Vostede debe andar bastante por riba dos douscentos anos de idade.

NEWTON *Mirando pasmado cara el.* Como di?

INSPECTOR Pois, como é Newton-

NEWTON Pero está vostede atontado, señor Inspector, ou soamente se fai?

INSPECTOR Oiga-

NEWTON Cre vostede realmente que eu son Newton?

INSPECTOR É vostede quen o cre.

Newton mira arredor con aire desconfiado.

NEWTON Podo confíarlle un segredo, señor Inspector?

----- 20 -----

INSPECTOR Por suposto.

NEWTON Eu non son Sir Isaac. Eu soamente me fago pasar por Newton.

3 N. T.: O apelido podería estar relacionado co verbo mosern: protestar.

INSPECTOR E cal é a razón?

NEWTON Para non confundir a Ernesti.

INSPECTOR Non capisco.

NEWTON Ao contrario ca min está Ernesti realmente enfermo. El imaxina ser Einstein.

INSPECTOR E que ten que ver iso con vostede?

NEWTON Se Ernesti chegara a saber que en realidade eu son Albert Einstein, o demo nos coma.

INSPECTOR Con iso quere dicir vostede-

NEWTON Exactamente. O célebre físico e fundador da Teoría da Relatividade sonno eu. Nado o 14 de marzo de 1879 en Ulm.

O inspector érguese algo confundido.

INSPECTOR Moito gusto.

Newton érguese tamén.

NEWTON Chámeme vostese simplemente Albert.

INSPECTOR E vostede a min Richard.

Chócanse a man.

NEWTON Podo asegurarlle que eu baixaría rascando o violín a sonata Kreutzer con moito mais brío ca Ernst Heinrich Ernesti hai un momento. O andante tocao el simplemente ao estilo bárbaro.

INSPECTOR Eu de música non entendo nada.

----- 21 -----

NEWTON Sentémonos.

Tira por el cara o sofá. Newton pousa o brazo arredor dos hombreiros do Inspector.

NEWTON Richard.

INSPECTOR Albert?

NEWTON Vostede enfádase por non poder prenderme, non si?.

INSPECTOR Pero Albert.

NEWTON Quere vostede prenderme por ter estragulado á enfermeira ou por ter feito posible a bomba atómica?

INSPECTOR Pero Albert.

NEWTON Se vostede acciona o interruptor de alá ao lado da porta, que ocorre, Richard?

INSPECTOR A luz acéndese.

NEWTON Vostede establece un contacto eléctrico. Entende vostede algo de electricidade, Richard?

INSPECTOR Eu non son físico.

NEWTON Eu tamén entendo pouco diso. Eu establezo unha teoría sobre iso soamente a base de observacións naturais. Esa teoría escribo na linguaxe das matemáticas e obteño varias fórmulas. Logo veñen os técnicos. Eles preocupáanse soamente das fórmulas. Estes tratan coa electricidade coma o chulo coa puta. Utilízana. Constrúen máquinas, e unha máquina soamente resulta utilizable cando se volve independente do coñecemento que conduciu á súa invención. Así calquera burro é capaz hoxe de poñer unha bombilla a alumbrar – ou facer explotar unha bomba atómica.

----- 22 -----

Bátelle ao Inspector nos hombros. E por iso agora quere vostede prenderme a min, Richard. Iso non é xusto.

INSPECTOR Eu en absoluto quero prendelo a vostede, Albert.

NEWTON Só porque vostede me ten por tolo. Pero por que non se nega vostede a accionar a luz, se vostede non entende nada de electricidade? Vostede é aquí o criminal, Richard. Pero agora teño que facer desaparecer o meu coñac, se non alporizarase a Irmá Superiora Marta Boll. *Newton volve a agochar a botella de coñac detrás da rexa da chimenea, pero deixa quedar a copa. Que lle vaia ben.*

INSPECTOR Que lle vaia ben, Albert.

NEWTON Debería vostede prenderse a si mesmo, Richard. *Desaparece outra vez na habitación número 3.*

INSPECTOR Agora vou fumar e listo.

De rápida decisión colle un puro da súa petaca, acéndeo, fuma. Pola porta de dobre batente entra Blocher.

BLOCHER Estamos listos para poñernos en marcha, señor Inspector.

O Inspector estampa os pés contra o chan.

INSPECTOR Eu agardo! Pola médico xefe!

BLOCHER Como diga, señor Inspector.

O Inspector tranquilízase e refunfuña.

INSPECTOR Volva co equipo á cidade, Blocher. Eu irei logo/detrás.

BLOCHER Á orde, señor Inspector. *Marcha.*

O Inspector fumea a grandes bocanadas, érguese, pateo dando voltas ó salón obstinadamente, detense ante o retrato enriba da cheminea e contéplao. Entre tanto parou de tocar o violín e o piano. Ábrese a porta da habitación número 2 e a señorita Doutor Mathilde von Zahnd sae. Chepuda, arredor de cincuenta e cinco, batin branco de médico e estetoscopio.

SEÑORITA DOUTOR O meu pai, conselleiro secreto August von Zahnd. El habitou esta vila antes de que eu a transformase en sanatorio. Un gran home, un verdadeiro ser humano. Eu son o seu único neno. Odiábame coma a peste, en xeral el odiaba a todo o mundo coma a peste. Certo que con razón, pois como director financeiro a el abríronselle abismos humanos que a nós os psiquiatras nos están pechados eternamente. Nós os loqueiros non pasamos nunca de filántropos románticos desesperanzados.

INSPECTOR Fai tres meses penduraba outro retrato aquí.

SEÑORITA DOUTOR Meu tío, o político. O chanzeler Joachim von Zahnd. *Deixa a partitura sobre a mesiña diante do sofá.* Ben. Ernesti tranquilizouse. Botouse na cama e quedou a durmir. Coma un neno feliz. Xa podo tomar alento outra vez. Xa me estaba temendo que aínda lle dera por tocar a Terceira Sonata de Brahms. *Senta no sillón á esquerda do sofá.*

INSPECTOR Disculpe vostede, Señorita Doutor von Zahnd, que eu fume aquí de xeito prohibido, pero-

SEÑORITA DOUTOR Fume vostede tranquilamente, Inspector. Eu

necesito tamén un cigarrillo urxentemente, diga o que diga a Irmá Superiora Marta. Deme lume.

El dalle lume, ela fuma.

SEÑORITA DOUTOR Horrible. A pobre Irmá Irene. Unha xove cousiña limpa coma un raio de luz. *Repara na copa. Newton?*

INSPECTOR Tiven o pracer.

SEÑORITA DOUTOR Mellor recollerei a copa.

O Inspector ven antes ca ela e coloca a copa detrás da rexa da cheminea.

SEÑORITA DOUTOR Por causa da Irmá Superiora.

INSPECTOR Comprendo.

SEÑORITA DOUTOR Conversou vostede con Newton?

INSPECTOR Descobrí algo. *Senta no sofá.*

SEÑORITA DOUTOR Parabéns.

INSPECTOR En realidade Newton tense tamén por Einstein.

SEÑORITA DOUTOR Iso cóntallelo a todo o mundo. Pero en verdade el tense efectivamente por Newton.

INSPECTOR *Desconcertado.* Está vostede segura?

SEÑORITA DOUTOR Por quen os meus pacientes se teñen, determínoo eu. Eu coñezoos infinitamente mellor ca eles a si mesmos.

INSPECTOR Posible. Pero entón debería vostede tamén axudarnos, señorita Doutor. O gobierno apremia.

SEÑORITA DOUTOR O fiscal?

INSPECTOR Vota chispas.

SEÑORITA DOUTOR Que tal se eu me ocupara diso, Voss.

INSPECTOR Dous asasinatos -

----- 25 -----

SEÑORITA DOUTOR Por favor, Inspector.

INSPECTOR Dúas desgracias. En tres meses. Ten vostede que admitir_que as medidas de seguridade na súa instalación son insuficientes.

SEÑORITA DOUTOR Como se imaxina entón vostede esas medidas de seguridade, Inspector? Eu dirixo unha instalación sanitaria, non un criadeiro/granxa. Ao fin e ao cabo tampouco vostede pode encerrar aos asasinatos antes de que asinen.

INSPECTOR Non se trata de asasinatos, senón de tolos, e precisamente estes poden matar en calquera momento.

SEÑORITA DOUTOR Os sans tamén, e significativamente con maior frecuencia. Abonda só con pensar no meu abó Leonidas von Zahnd, o Marschall Xeneral de Campo coa súa guerra perdida. En que clase de tempos vivimos entón. Fixo a medicina progresos ou non? Temos novos medios ao alcance ou non, drogas, que aínda dos máis enaxenados fan mansos cordeiriños? Debemos volver a encerrar os enfermos en celdas individuais, e se é posible incluso en alambradas con guantes de boxeo coma antaño? Como se non estivesemos capacitados de distinguir pacientes perigosos dos insensibles.

INSPECTOR En calquera caso esa capacidade de discernimento fracasou estrepitosamente con Beutler e Ernesti.

SEÑORITA DOUTOR Desgraciadamente. A quen lle inquieta iso é a min e non ao seu furioso fiscal.

Da habitación número 2 sae Einstein co seu violín. Flaco, pelo longo branco coma a neve, bigote.

EINSTEIN Espertei.

SEÑORITA DOUTOR Pero, profesor.

EINSTEIN Toquei xa o violín?

----- 26 -----

SEÑORITA DOUTOR Maravillosamente, profesor.

EINSTEIN Está a Irmá Irene Straub-

SEÑORITA DOUTOR Non pense vostede máis niso, profesor.

EINSTEIN Vou durmir outra vez.

SEÑORITA DOUTOR Bo rapaz, profesor.

Einstein recóllese novamente na súa habitación. O Inspector érguese dun salto.

INSPECTOR Así que ese era el!

SEÑORITA DOUTOR Ernst Heinrich Ernesti.

INSPECTOR O asasino-

SEÑORITA DOUTOR Por favor, Inspector.

INSPECTOR O autor, o que se ten por Einstein. Cando foi ingresado?

SEÑORITA DOUTOR Hai dous anos.

INSPECTOR E Newton?

SEÑORITA DOUTOR Fai un ano. Ambolosdous incurabeis. Voss, eu non son, sábeo Deus, na miña ocupación ningún principiante, iso cónstalle a vostede e ao fiscal tamén, el sempre valorou o meu dictame facultativo. O meu sanatorio é mundialmente coñecido e acordemente caro. Erros non mos podo permitir, e aínda menos incidentes que me traían a policía á casa. Se alguén fracasou aquí, foi a medicina, non eu. Esas desgracias non eran predicibles, do mesmo xeito poderíamos vostede ou eu estrangular enfermeiras. Dende o punto de vista médico non hai explicación para o ocorrido. A non ser que-

Ela colleu un novo cigarrillo. O Inspector dalle lume.

----- 27 -----

SEÑORITA DOUTOR Inspector. Non cae na conta de algo?

INSPECTOR En que sentido?

SEÑORITA DOUTOR Pense vostede en ambos efermos.

INSPECTOR E ben?

SEÑORITA DOUTOR Ambos son físicos. Físicos nucleares.

INSPECTOR E?

SEÑORITA DOUTOR Non é vostede unha persoa moi suspicaz, Inspector.

INSPECTOR *Pensativo.* Señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Voss?

INSPECTOR Vostede cre-?

SEÑORITA DOUTOR Ambos inverstigarón substancias radiactivas.

INSPECTOR Vostede sospeita unha conexión?

SEÑORITA DOUTOR Eu soamente constato, iso é todo. Ambos se volveron dementes, en ambos empeora a enfermidade, ambos se volven perigos públicos, ambos estragulan enfermeiras.

INSPECTOR Pensa vostede nunha – alteración do cerebro mediante a radioactividade?

SEÑORITA DOUTOR Desgraciadamente teño que contemplar esa posibilidade.

INSPECTOR *Mira arredor.* A onde conduce esa porta?

SEÑORITA DOUTOR Á antesala, ao salón verde e á pranta superior.

INSPECTOR Cantos pacientes se atopan aquí aínda ?

SEÑORITA DOUTOR Tres

INSPECTOR Soamente?

SEÑORITA DOUTOR Os restantes foron reubicados na parte nova da casa xusto despois da primeira desgracia. Por sorte puiden permitirme a nova construción a tempo. Os pacientes ricos e tamén meus parentes contribuíron. En canto que morreron. A maioría das veces aquí.

----- 28 -----

Despois eu era a única herdeira. O destino, Voss. Eu son sempre herdeira única. A miña familia é tan maior que case equivale a unha pequena miragre médica que eu pase por ser relativamente normal, quero dicir, no tocante ao meu estado mental.

INSPECTOR *Reflexiona.* O terceiro paciente?.

SEÑORITA DOUTOR Igualmente un físico.

INSPECTOR Chamativo, non lle parece a vostede?

SEÑORITA DOUTOR En absoluto. Eu distribúo. Os escritores cos escritores, os grandes industriais cos grandes industriais, as millonarias coas millonarias e os físicos cos físicos.

INSPECTOR Nome?

SEÑORITA DOUTOR Joachin Wilhelm Möbius.

INSPECTOR Ten el tamén que ver coa radioactividade?

SEÑORITA DOUTOR Nada.

INSPECTOR Podería el tamén -?

SEÑORITA DOUTOR El leva aquí dende hai quince anos, inofensivo, e o seu estado permaneceu estacionario.

INSPECTOR Señorita Doutor. Con isto non se libra vostede. O fiscal reclama categoricamente coidadores para os seus físicos.

SEÑORITA DOUTOR Entón teráos.

INSPECTOR *Agarrando o seu sombreiro.* Ben, alégrame que vostede o acepte. Con esta xa levo dúas veces en "Les Cerisiers", Señorita Doutor von Zahnd. Espero non ter que aparecer outra vez.

Enfúndase o sombreiro e sae á terraza pola porta de dobre batente e alónxase polo parque. A Señorita Doutor Mathilde von Zahnd séguese coa mirada pensativa.

----- 29 -----

Pola dereita ven a Irmá Superiora Marta Boll, sorprendida, ulisquea. Na man un expediente.

IRMÁ SUPERIORA Por favor, señorita Doutor -

SEÑORITA DOUTOR Oh. Disculpe vostede. *Apaga o cigarrillo.* Está a irmá Irene amortaxada?

IRMÁ SUPERIORA Enbaixo do órgano.

SEÑORITA DOUTOR Pon velas ao seu redor e coroas.

IRMÁ SUPERIORA Xa chamei ao frorista.

SEÑORITA DOUTOR Como lle vai á miña tía Senta?

IRMÁ SUPERIORA Intranquila.

SEÑORITA DOUTOR Doblar a dose. Ao primo Ulrich?

IRMÁ SUPERIORA Estacionario.

SEÑORITA DOUTOR Irmá Superiora Marta Boll: Desgraciadamente teño que poñer fin a unha tradición de “Les Cerisiers”. Ata o de agora soamente contratei enfermeiras, mañá a vila estará a cargo de coidores.

IRMÁ SUPERIORA Señorita Doutor Mathilde von Zahnd: non vou deixar que me rouben aos meus tres físicos. Eles son os meus casos máis interesantes.

SEÑORITA DOUTOR A miña decisión é definitiva.

IRMÁ SUPERIORA Teño curiosidade por saber de onde vai sacar os coidadores. Coa sobreocupación que hai hoxe.

SEÑORITA DOUTOR Deixe que iso sexa a miña preocupación. Chegou a Möbius?

IRMÁ SUPERIORA Espera no salón verde.

SEÑORITA DOUTOR Fágaa pasar.

IRMÁ SUPERIORA O historial clínico de Möbius.

SEÑORITA DOUTOR Gracias.

A irmá Superiora entrégalle a ela o expediente, logo sae

----- 30 -----

dirixíndose á porta da dereita, pero antes vólvese unha vez.

IRMÁ SUPERIORA Pero –

SEÑORITA DOUTOR Por favor, Irmá Superiora Marta, por favor.

A irmá superiora marcha. A Señorita Doutor von Zahnd abre o expediente, estudiándoo na mesa redonda.

Pola dereita a Irmá Superiora entra coducindo á señora Rose, así coma a tres rapaces de catorce, quince e dezaseis anos. O maior porta un maletín. O final da comitiva córrao o misionero Rose. A Señorita Doutor érguese.

SEÑORITA DOUTOR Miña querida señora Möbius –

SEÑORA ROSE Rose. Señora do misioneiro Rose. Teño que sorprendela desagradablemente, Señorita Doutor, pero hai tres semanas que me casei co misioneiro Rose. Quizais algo apresuradamente, coñecémonos en setembro nun certame. *Ruborízase e sinala algo torpemente cara o seu novo marido.* Oscar era viuvo.

SEÑORITA DOUTOR *Estreitandolle a ela a man.* Parabéns, señora Rose, parabéns de todo corazón. E tamén a vostede, señor misioneiro, que todo lle vaia ben. *Faille unha reverencia.*

SEÑORA ROSE Vostede comprende o paso que demos?

SEÑORITA DOUTOR Pero naturalmente, señora Rose. A vida ten que continuar froecendo.

MISIONEIRO ROSE Que silencio se respira aquí! Que agradable. Unha verdadeira paz divina reina nesta casa, talmente como nas palabras do salmo: pois o señor escoita aos pobres e non esquece os seus cativos.

SEÑORA ROSE É que Oscar é un magnífico predicador, Señorita Doutor. *Ruborízase.* Os meus mozos.

----- 31 -----

SEÑORITA DOUTOR Que Deus sexa con vos, mozos.

OS TRES MOZOS Que Deus sexa con vostede, Señorita Doutor.

O máis novo recolle algo do chan.

JÖRG-LUKAS Un cable de lámpara, Señorita Doutor. Estaba no chan.

SEÑORITA DOUTOR Gracias meu neno. Excelentes rapaces, Señora Rose. Poden encarar o futuro con confianza.

A señora do misioneiro Rose senta na parte dereita do sofá, a Señorita Doutor á mesa, á esquerda. Detrás do sofá os tres mozos, no sillón da dereita cara afóra o misionario Rose.

SEÑORA ROSE Señorita Doutor, non traio os meus mozos sen un motivo. Oskar aceptou facerse cargo dunha estación de misioneiros nas Marianas.

MISIONEIRO ROSE No Pacífico Océano.

SEÑORA ROSE E eu considero atinado que os meus mozos coñezan a seu pai antes de partir de viaxe. Por primeira e última vez. Pois eles aínda eran pequenos cando seu pai caíu enfermo e agora toca quizais despedirse para sempre.

SEÑORITA DOUTOR Señora Rose, certo é que dende o punto de vista médico pode presentarse alguha reticencia, pero humanamente paréceme comprensible o seu desexo e dou o beneplácito a ese encontro familiar con gusto.

SEÑORA ROSE Como lle vai ao meu Johann Willhelmmiño?

SEÑORITA DOUTOR *Pasando as páxinas do expediente.* O noso bon Möbius non fai progresos nin emperora, señora Rose. El froece no seu mundo interior.

SEÑORA ROSE Aínda afirma que se lle aparece o rei Salomón?

SEÑORITA DOUTOR Aínda.

MISIONEIRO ROSE Un triste desvarío digno de compasión.

SEÑORITA DOUTOR O seu severo xuízo estráname un pouco, señor misioneiro Rose. Pois así e todo, como teólogo, vostede ten que contar coa posibilidade duha miragre.

MISIONEIRO ROSE Por suposto – pero non no caso dun efermo mental.

SEÑORITA DOUTOR Se as aparicións que os enfermos mentais perciben, existen realmente ou non, sobre iso, meu querido misioneiro Rose, a psiquiatría non ten nada que xulgar. Ao fin e ao cabo a esta correspóndelle ocuparse do estado de ánimo e dos nervios, e iso, no caso do noso bravo Möbius, é triste dabondo, aínda que a enfermidade esté tomando un cauce máis atenuado. Axudar? Por Deus! Unha cura de insulina sería outra vez o acaído, admítoo, pero interrompina porque as outras curas non obtiveron resultados. Desgraciadamente eu non podo facer maxia, señora Rose, e cunha papilla/pócima sandar ao noso bravo Möbius, pero torturalo tampouco quero.

SEÑORA ROSE Sabe el que me – quero dicir- sabe el do divorcio?

SEÑORITA DOUTOR Está informado.

SEÑORA ROSE Compréndeo?

SEÑORITA DOUTOR El apenas se interesa xa polo mundo exterior.

SEÑORA ROSE Señorita Doutor. Non me entenda vostede mal. Cando con quince anos el ía ao Instituto eu coñecino na casa do meu pai, onde el tiña alugada unha buhardilla. Era un mozo orfo e amargamente probe. Eu posibilitéille o bacharelato e máis tarde o a carreira

de física. Casamos o día do seu vinte cumpleanos. Contra a vontade dos meus pais. Traballábamos día e noite. El escribía a súa tese e eu ocupei un posto nunha empresa de transportes. Catro anos despois veu Adolf-Heinrich, o noso máis vello, e logo os outros dous nenos. Finalmente presentouse a posibilidade dunha cátedra, cremos poder respirar, nesa altura Johann Wilhelm enfermou e a súa doenza tragouse sumas inxentes. Eu entrei nunha fábrica de chocolate para sacar adiante á miña familia. Na empresa Tobler. *Sécase en silencio una bágoa.* Esforzeime ao longo de toda unha vida.

Todos están conmovidos.

SEÑORITA DOUTOR Señora Rose, é vostede unha muller con reaños/valente.

MISIONEIRO ROSE E unha boa nai.

SEÑORA ROSE Señorita doutor. Ata o de agora posibilitéille a Johann Wilhelm a estadía na súa instalación. Os costes foron moito por riba dos meus medios, pero Deus axudou sempre. Pero agora estou financieramente esgotada. Xa non son capaz de reunir os cartos suplementarios.

SEÑORITA DOUTOR Comprensible, señora Rose.

SEÑORA ROSE Temo que vostede pense que casei con Oskar só para non ter que responder por Johann Wilhelm, señorita Doutor. Pero iso non é verdade. Agora aínda o teño máis difícil. Oskar trae ao matrimonio sei nenos con el.

SEÑORITA DOUTOR Seis?

MISIONEIRO ROSE Seis.

SEÑORA ROSE Seis. Oskar é un pai apaixonado. Mais agora son nove rapaces a manter, e Oskar para nada é unha persoa solvente, o seu soldo é miserable. *Chora.*

SEÑORITA DOUTOR Pero non, señora Rose, non. Ningunha vagoa.

SEÑORA ROSE Eu fágome os máis duros reproches por ter deixado ao meu probiño Johann Wilhelmiño na estacada.

SEÑORITA DOUTOR Señora Rose! Non debe apesadumbrarse.

SEÑORA ROSE Seguro que Johann Wilhelmmiño será agora internado nunha instalación sanitaria estatal.

SEÑORITA DOUTOR Pero non, señora Rose. O noso bravo Möbius queda aquí, na vila. Palabra de honra. El xa se afixo a esta vida e atopou colegas agradables e simpáticos. Ao fin e ao cabo eu non son un monstro.

SEÑORA ROSE Vostede é tan boa connigo, señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR De ningunha maneira, señora Rose, de ningunha maneira. Están tamén as fundacións. Os Fondos Oppel para científicos enfermos, a fundación Doutor-Steinemann. Diñeiro hai a porrillo por ahí arredor, e como médica é a miña obriga palearlle un pouco dese ao seu Johann Wilhelm. Vostede pode coller o vapor cara as Marianas coa conciencia tranquila. Pero agora deixe que vaíamos a buscar ao noso bon Möbius.

Diríxese cara o fondo e abre a porta número 1. A señora Rose érguese emocionada.

SEÑORITA DOUTOR Querido Möbius. Recibiu visita. Deixe vostede a súa clausura de físico e veña.

Da habitación número 1 sae Johann Wilhelm Möbius, un cuarentón algo desmañado. Lanza ao seu redor unha mirada insegura na habitación, contempla á señora Rose, logo aos mozos e finalmente ao señor misioneiro Rose; parece non comprender nada, cala.

SEÑORA ROSE Johann Wilhelm.

OS NENOS Papi.

Möbius cala.

SEÑORITA DOUTOR Meu bravo Möbius, a min recoñecerame vostede e incluso á súa parella, espero.

MÖBIUS *pasmando cara a señora Rose.* Lina?

SEÑORITA DOUTOR Anoitece, Möbius. Claro que é a súa Lina.

MÖBIUS Que tal, Lina.

SEÑORA ROSE Johann Wilhelmmiño, meu amor, querido Johann Wilhelmmiño.

SEÑORITA DOUTOR Ben. Listo. Señora Rose, señor misioneiro, se aínda desexaren falar

conmigo estou enfrente na nova construción á súa disposición. *Sae pola porta de dobre batente da esquerda.*

SEÑORA ROSE Os teus mozos, Johann Wilhelm.

MÖBIUS *Atónito.* Tres?

SEÑORA ROSE Pois claro, Johann Wilhelm. Tres. *Ela preséntalle os mozos.* Adolf-Friedrich, o teu máis vello.

Möbius estreitalle a el a man.

MÖBIUS Alégrome, Adolf-Friedrich, o meu máis vello(primoxénito).

ADOLF-FRIEDRICH Que tal, papi.

MÖBIUS Cantos anos tes entón, Adolf-Friedrich?

ADOLF-FRIEDRICH Dezaseis, papi.

MÖBIUS Que che gustaría ser?

ADOLF-FRIEDRICH Pastor, papi.

MÖBIUS Acórdome. Unha vez leveiche collido da man pola praza de Sankt-Joseph. O sol brillaba a plomo e as sombras parecían trazadas a compás. *Dirixíndose ao próximo.* E ti – ti es?

WILFRIED-KASPAR Chámome Wilfried-Kaspar, papi.

MÖBIUS Catorce?

WILFRIED-KASPAR Quince. Gústárame estudar filosofía.

MÖBIUS Filosofía?

SEÑORA ROSE Un neno particularmente precoz.

WILFRIED-KASPAR Lin a Schopenhauer e Nietzsche.

SEÑORA ROSE O teu máis novo, Jörg-Lukas. Catorce anos.

JÖRG-LUKAS Hola, papi.

MÖBIUS Hola, Jörg-Lukas, o meu máis novo (benxamín).

SEÑORA ROSE El é o que máis se che parece.

JÖRG-LUKAS Eu quero ser físico, papi.

MÖBIUS *Mirando aterrado ao seu máis novo.* Físico?

JÖRG-LUKAS Claro que si, papi.

MÖBIUS Non debes facelo, Jörg-Lukas, de ninguha maneira. Iso machácache a cabeza. Eu – eu prohíbochelo.

JÖRG-LUKAS *Está desconcertado.* Pero se ti tamén te fixeches físico, papi-

MÖBIUS Nunca debín facelo, Jörg-Lukas. Nunca. Agora non estaría no manicomio.

SEÑORA ROSE Pero Johann Wilhelm, iso si que é un erro. Ti estás nun sanatorio, non nun manicomio. Simplemente estás afectado dos nervios, iso é todo.

MÖBIUS *Sacudindo a cabeza.* Non, Lina. Ténseme por tolo. Todo o mundo. Ti tamén. E

tamén os meus nenos. Porque a mín aparéceseme o rei Salomón.

Calan todos desconcertados. A señora Rose presenta ao misioneiro Rose.

SEÑORA ROSE Preséntoche aquí a Oskar Rose, Johann Wilhelm. O meu home. El é misioneiro.

MÖBIUS O teu home? Pero se o teu home sonno eu.

SEÑORA ROSE Xa non, Johann Wilhelmmiño. *Ruborízase*. Estamos divorciados, non si.

MÖBIUS Divorciados?

SEÑORA ROSE Pero iso xa o sabes ti.

MÖBIUS Non.

SEÑORA ROSE A señorita Doutor von Zahnd comunicouchelo. Estou ben certa.

MÖBIUS Posible.

SEÑORA ROSE E despois foi cando me casei con Oskar. El ten seis nenos. Era pastor en Guttannen e agora aceptou un posto nas Marianas.

MISIONEIRO ROSE No Pacífico Océano.

SEÑORA ROSE Embarcamos pasado mañá en Bremen.

Möbius cala, os demais están desconcertados.

SEÑORA ROSE Si. Así mesmo é.

MÖBIUS *Inclinándose ante o misioneiro Rose*. Alégrome de coñecer ao novo pai dos meus nenos, señor misioneiro.

MISIONEIRO ROSE Eu lévoos moi dentro no corazón, señor Möbius, aos tres. Deus axudaranos segundo as palabras do salmo: O señor é o meu pastor, nada me faltará.

----- 38-----

SEÑORA ROSE Oskar coñece todos os salmos de memoria. Os salmos de Davide, os salmos de Salomón.

MÖBIUS Alégrome de que os nenos atoparan un pai traballador/bon. Eu fun un pai insuficiente.

SEÑORA ROSE Pero Johann Wilhelmmiño

MÖBIUS Parabéns de todo corazón.

SEÑORA ROSE Temos que partir axiña.

MÖBIUS Cara as Marianas.

SEÑORA ROSE Despedirnos uns dos outros.

MÖBIUS Para sempre.

SEÑORA ROSE Os teus nenos están considerablemente dotados para a música, Johann

Wilhelm. Tocan a flauta doce con moito talento. Tocádelle ao voso pai algo como despedida, rapaces.

OS NENOS Claro que si, mami.

Adolf-Friedrich abre o maletín e reparte as flautas doces.

SEÑORA ROSE Toma asiento, Johann Wilhelmmiño.

Möbius séntase á mesa redonda. A señora Rose e o misioneiro Rose sentan no sofá. Os rapaces intálanse en pé no medio do salón.

JÖRG-LUKAS Algo de Buxtehude.

ADOLF-FRIEDRICH Un, dous, tres.

Os mozos tocan a flauta doce.

SEÑORA ROSE Máis sentido, nenos, máis sentido.

Os nenos tocan máis sentidamente. Möbius érguese dun salto.

----- 39 -----

MÖBIUS Mellor non! Por favor, mellor non!

Os nenos detéñense desconcertados.

MÖBIUS Non toquesdes máis. Por favor. En nome de Salomón. Non toquesdes máis.

SEÑORA ROSE Pero Johann Wilhelm!

MÖBIUS Por favor, de tocar nada mais. Por favor, de tocar nada máis. Por favor, por favor.

MISIONEIRO ROSE Señor Möbius. Precisamente o rei Salomón alegrarase da música de flautas deses inocentes mociños. Pense vostede ben: Salomón, o poeta de salmos, Salomón, o cantor do Cantar dos Cantares!

MÖBIUS Señor misioneiro. Eu coñezo a Salomón de cara a cara. El xa non é o grande rei áureo que canta á Sulamita e ós corzos xemelgos, que pacen entre as rosas, el guindou (despoxouse do) de si o manto púrpura -

Coa mesma Möbius sae a toda presa ao lado da aterrada familia cara atrás en dirección á súa habitación e abre violentamente a porta.

MÖBIUS Espido e fedorento(hediondo), acurrúcase no meu dormitorio el como miserable rei da verdade, e os seus salmos son horripilantes. Escoite ben vostede, misioneiro, xa que ama as palabras dos salmos, coñeceos todos, apréndase tamén estes de memoria:

Foise cara a mesa redonda da esquerda, vólcaa do revés, métese dentro dela, séntase.

----- 40 -----

MÖBIUS Un salmo de Salomón para cantárllelo (e loor dos) aos cosmonautas.

Largámonos ao espacio estelar.

Aos desertos da Lúa. Afundímonos no seu pó.

Silenciosamente palmárona

Algúns xa alí. Mais a maioría recocidos

Nos plumbeos vapores de Mercurio, disolvéronse

Nas pozas oleaxinosas de Venus, e

incluso ata en Marte nos deborou o Sol a nós

Tronante, radioactivo e amarelo.

SEÑORA ROSE Pero JohannWilhelm -

MÖBIUS Xúpiter apestaba,

Un puré de metano en vertixinosa rotación,

Suspendido con tal forza sobre nós,

que enchemos de vómito todo Ganimedes.

MISIONEIRO ROSE Señor Möbius -

MÖBIUS Saturno cubrímolos de maldicións

O que despois veu, non merece a pena mencionalo:

Urano, Neptuno

gris verdescientemente xelado

Sobre Plutón e Trasplutón caeron as últimas

bromas indecentes.

MOZOS Papi -

MÖBIUS Tempo había xa que confundiramos o Sol con Sirio

Sirio con Canope,

Despedidos á deriva, impulsámonos cara arriba nos abismos

Rumbo a unhas brancas estrelas,

que nembargantes nunca alcanzariamos,

SEÑORA ROSE Johann Wilhelmmiño! Meu querido Johann Wilhelmmiño.!

MÖBIUS Ha tempo xa momias nas nosas naves

Encostrados de inmundicia.

A Irmá Superiora ven coa irmá Mónica dende a dereita.

IRMÁ SUPERIORA Pero señor Möbius.

MÖBIUS Nas muecas/semblantes ningún recordar máis

a Terra alentando.

Sentando teso, a cara tal que máscara, na mesa volcada.

SEÑORA ROSE Johann Wilhelmmiño.

MÖBIUS Agora empaquetádevos cara as Marianas.

OS MOZOS Papi -

MÖBIUS Empaquetádevos! Á máxima velocidade! Cara as Marianas! *Érquese ameazante.*

A familia Möbius está pasmada.

IRMÁ SUPERIORA Veña, señora Rose, vinde nenos seus e señor misioneiro. El ten que calmarse, iso é todo.

MÖBIUS Para fóra con vós! Para fóra!

IRMÁ SUPERIORA Un lixeiro ataque. A irmá Monika quedará con el, tranquilizarao. Un lixeiro ataque.

MÖBIUS Largo de aquí! Para sempre! Cara o Pacífico Océano!

JÖRG-LUKAS Adieu, papi! Adieu!

A Irmá Superiora fai saír pola dereita á decaída e chorosa familia. Möbius bérralles sen a máis mínima inhibición/miramento.

MÖBIUS Non quero volver a vervos nunca máis! Vós ofendíchedes ao rei Salomón. Malditos sexades! Que vos afundades con todas as Marianas na Fosa das Marianas! A once mil metros de profundidade. Que vos pudrades no furado máis negro do mar, esquecidos por Deus e polos homes!

IRMÁ MONIKA Estamos sos. A súa familia xa non o escoita.

Möbius escruta á irmá Monika asombrado, finalmente parece dominarse.

MÖBIUS Ah si, naturalmente.

A irmá Monika cala. El está algo aturdido.

MÖBIUS Fun algo duro, non si?

IRMÁ MONIKA Bastante.

MÖBIUS Tiven que dicir a verdade.

IRMÁ MONIKA Así parece.

MÖBIUS Púxenme fóra de min.

IRMÁ MONIKA Vostede fixose o tolo.

MÖBIUS Caloume vostede?

IRMÁ MONIKA Xa hai dous anos que coido de vostede.

MÖBIUS *Camiña dun lado a outro, logo detense.* Pois sí. Admítoo. Fixenme o tolo.

IRMÁ MONIKA Por que razón?

MÖBIUS Para despedirme da miña muller e dos meus rapaces. Despedirme para sempre.

----- 43 -----

IRMÁ MONIKA Desa horrenda maneira?

MÖBIUS Desa humana maneira. O pasado bórrase do mellor xeito con un comportamento enaxenado, se un se atopa xa no manicomio: A miña familia pódeme esquecer agora sen mala conciencia. A miña escena sacoulle as gañas de buscar por min outra vez. As consecuencias pola miña parte non son irrelevantes, só a vida fóra da instalación conta. Estar tolo é caro. Quince anos pagou a miña boa Lina sumas bestiais, había que poñer un punto e final. Era o momento apropiado. Salomón reveloume xa o que había que revelar, o sistema de todos os posibles inventos está concluído, as últimas páxinas están dictadas, e a miña muller atopou un novo compañeiro, o bravo cruzado misioneiro Rose, vostede pode estar tranquila, irmá Monika. Agora está todo en orde. *Querendo marchar.*

IRMÁ MONIKA Vostede tíñao todo planeado.

MÖBIUS Por algo son físico. *Volvéndose cara a súa habitación.*

IRMÁ MONIKA Señor Möbius.

MÖBIUS *Deténdose.* Irmá Mónica?

IRMÁ MONIKA Teño que falar con vostede.

MÖBIUS Por favor.

IRMÁ MONIKA Trátase de nós os dous.

MÖBIUS Sentémonos.

Séntanse. Ela no sofá, el no sillón á esquerda deste.

IRMÁ MONIKA Tamén nós temos que despedirnos un do outro. Tamén para sempre.

MÖBIUS *Asustado.* Abandóame vostede?

----- 44 -----

IRMÁ MONIKA Ordes.

MÖBIUS Que ocorreu?

IRMÁ MONIKA Trasládanme ao pabellón principal. Mañá asumen aquí a vixiancia coidadores. Unha enfermeira non pode pisar máis esta vila.

MÖBIUS Por causa de Newton e Einstein?

IRMÁ MONIKA Por esixencia do fiscal. A médico xefe temía dificultades e claudicou.

Calan.

MÖBIUS *Abatido.* Irmá Monika estou torpe. Esquecín como expresar sentimentos. As simplezas profesionais cos dous enfermos xunto cos que vivo, apenas se poden chamar conversas. Estou enmudecido, me temo, tamén interiormente. Pero vostede debe saber que para min todo cambiou dende que a coñezo. Máis soportable. Agora tamén eses tempos acabaron. Dous anos, nos que eu fun algo máis feliz ca de cote. Porque eu, a través de vostede, irmá Monika, atopei os ánimos/folgos para asumir o meu confinamento e destino como – trastornado -. Que lle vaia ben. *El érguese e quer alargarlle a man para estreitala.*

IRMÁ MONIKA Señor Möbius, eu non o teño a vostede por - trastornado-.

MÖBIUS *Rindo séntase de novo.* Eu a min tampouco. Pero iso non cambia nada na miña situación. Eu teño a mala sorte de que se me aparece o rei Salomón. E certamente non hai nada máis chocante que unha miragre no reino da ciencia.

----- 45 -----

IRMÁ MONIKA Señor Möbius, eu creo nesa miragre.

MÖBIUS *Miraa fixamente sen dar creto.* Vostede cre?

IRMÁ MONIKA No rei Salomón.

MÖBIUS Que el se me aparece?

IRMÁ MONIKA Que el se lle aparece.

MÖBIUS Todos os días, todas as noites?

IRMÁ MONIKA Todos os días, todas as noites.

MÖBIUS Que el me dicta os secretos da natureza? A conexión de todas as cousas? O sistema de todos os inventos posibles?

IRMÁ MONIKA Creo niso. E se vostede contase que incluso tamén o rei Davide se lle aparece ca súa corte, eu creeríao. Sinxelamente eu sei que vostede non está enfermo. Damo na alma (que é así).

Silencio. Logo Möbius érguese dun salto.

MÖBIUS Irmá Mónica!. Vaiase vostede!

IRMÁ MONIKA *Permanece sentada.* Eu quedo.

MÖBIUS Eu non quero vela nunca máis.

IRMÁ MONIKA Vostede necesítame. Vostede non ten a ninguén máis no mundo. Ningún ser humano.

MÖBIUS É mortal crer no rei Salomón.

IRMÁ MONIKA Estou namorada de vostede.

Möbius clava a vista na irmá Monika desconsolado, séntase de novo, silencio.

MÖBIUS *En voz baixa, abatido.* Vostede corre cara a súa perdición.

IRMÁ MONIKA Non temo por min,

----- 46 -----

seón por vostede. Newton e Einstein son perigosos.

MÖBIUS Eu arránxome con eles.

IRMÁ MONIKA Tamén a irmá Dorothea e a irmá Irene se arranxaban con eles. E logo palmaron.

MÖBIUS Irmá Monika. Vostede acaba de confesarme a súa fe en min e o seu amor. Agora obrígame a min tamén a dicirlle a verdade. Eu ámoa a vostede igualmente, Monika.

Ela mírao fixamente.

MÖBIUS Máis cá miña vida. E por iso está vostede en perigo. Porque nos amamos.

Da habitación número 2 sae Einstein fumando unha pipa.

EINSTEIN Volvín espertar.

IRMÁ MONIKA Pero señor profesor.

EINSTEIN Acordeime de repente.

IRMÁ MONIKA Pero señor profesor.

EINSTEIN Eu estrangulei á irmá Irene.

IRMÁ MONIKA Non pense máis niso, señor profesor.

EINSTEIN *Contempla as súas mans.* Se aínda serei capaz algunha vez de tocar o violín?

Möbius érguese como para protexer a Monika.

MÖBIUS Vostede xa volveu a tocar.

EINSTEIN Pasable?

MÖBIUS A Sonata Kreuzer. Mentres a policía estivo aquí.

----- 47 -----

EINSTEIN A Sonata Kreuzer. Gracias a Deus. *O seu xesto ilumínase, pero outra vez se nublou.* Con todo non me gusta tocar o violín e a pipa tampouco me gusta. Ten un sabor asqueroso.

MÖBIUS Entón déixeo.

EINSTEIN Non podo facelo. En canto Albert Einstein. *Mira a ambos penetrantemente.* Vos estades namorados?

IRMÁ MONIKA Estamos namorados.

Einstein sae pensativo polo fondo, onde xaciu a irmá asasinada, contempla os trazos de tiza no chan.

EINSTEIN Tamén a irmá Irene e máis eu nos amábamos. Ela estaba disposta facer o que fose por min, a irmá Irene. Eu aviseina. Berreille. Trateina coma un can. Espanteina para que fuxira. En balde. Quedouse. Quería mudarse conmigo ao campo. A Kohlwang. Quería casar conmigo. Incluso tiña xa a autorización. Por parte da señorita Doutor von Zahnd. Ahí foi cando estrangulei. A pobre irmá Irene. Non hai no mundo nada máis absurdo que o ardor co que as femias se sacrifican.

IRMÁ MONIKA *Vai cara el.* Volva a deitarse, profesor.

EINSTEIN Pode chamarme Albert Einstein.

IRMÁ MONIKA Sexa vostede razoable, Albert.

EINSTEIN Sexa vostede razoable, irmá Monika. Obedeza ao seu namorado e fuxa vostede! Se non está vostede perdida. *El vólvese de novo cara a habitación número 2.* Vou durmir outra vez. *Desparece na número 2.*

----- 48 -----

IRMÁ MONIKA O pobre trastornado.

MÖBIUS El debería tela convecido a vostede da imposibilidade de amarme a min.

IRMÁ MONIKA Vostede non está tolo.

MÖBIUS Sería máis razoable que vostede me tivese por tal. Fuxa vostede! Poña pés en polvorosa! Pírese! Do contrario aínda terei que tratala a vostede coma un can.

IRMÁ MONIKA Mellor tráteme vostede coma unha amada.

MÖBIUS Veña, Monika. *El lévaa a un sillón, séntase enfronte dela, cóllepelle as súas mans.* Escoite vostede atentamente. Eu cometín un grave erro. Revelei o meu segredo, non me calei a aparición de Salomón. Por iso me obriga a expiar a miña falta. Ao longo de toda a vida. Está ben. Pero incluso tamén vostede non debe ser castigada por iso. Aos ollos do mundo vostede ama a un enfermo mental. Soamente carga a desgracia sobre vostede. Abandoe a institución, esquézase de min. Iso é o mellor para nolos dous.

IRMÁ MONIKA Deséxame vostede?

MÖBIUS Por que fala así connigo?

IRMÁ MONIKA Quero deitarme con vostede, quero ter fillos seus. Xa sei, falo sen ningún pudor. Pero por que non me mira vostede? E que non lle gusto? Admito que o uniforme de enfermeira é horroroso. *Arráncase a toca do pelo*. Detesto a miña profesión! Paseime cinco anos coidando enfermos, por amor ao próximo. Nunca torcín a cara, para todos estiven alí, sacrifiqueime. Pero agora quero sacrificarme por alguén nada máis, estar para ese alguén nada máis,

----- 49 -----

non sempre para outros. Quero estar ahí para o meu amado. Para vostede. Quero facer todo o que me pida, traballar para vostede día e noite, iso si, antepoñerme/rechazarme non pode facelo! Tampoco eu teño a ninguén máis no mundo que a vostede! Tamén estou soa!

MÖBIUS Monika. Teño que antepoñela/largala.

IRMÁ MONIKA *Desesperada* Entón non me queres nadiña?

MÖBIUS Quérote, Monika. Meu Deus, quérote, iso é presisamente o demencial.

IRMÁ MONIKA Por que me traizoas entón? E non só a min. Ti afirmas que o rei Salomón aparéceseche. Por que o traizoas tamén a el?

MÖBIUS *Enormemente excitado, aferrándoa*. Monika! Podes crer de min o que che pareza, terme por un pusilánime. Estás no teu dereito. Eu non son digno do teu amor. Pero a Salomón sempre lle fun fiel. El irrumpiu na miña existencia, de súpeto, sen chamalo, el aproveitouse de min, destruíu a miña vida, pero eu non o traizoei.

IRMÁ MONIKA Estás seguro?

MÖBIUS Dubídalo?

IRMÁ MONIKA Ti cres ter que expiar por non calar a súa aparición. Pero acaso estés expiando por non implicarte na súa manifestación.

MÖBIUS *Déixaa proseguir*. Eu – non che entendo.

IRMÁ MONIKA El díctache o sistema de todos os posibles inventos. Loitas tí polo seu recoñecemento?

MÖBIUS Pero a min téñense por tolo.

IRMÁ MONIKA Por que es tan falto de ansia?

----- 50 -----

MÖBIUS Ansia no meu caso é un crime.

IRMÁ MONIKA Johann Wilhelm. Eu falei coa señorita Doutor von Zahnd.

MÖBIUS *Miraa fixamente*. Falaches?

IRMÁ MONIKA Eres libre.

MÖBIUS Libre?

IRMÁ MONIKA Podemos casar.

MÖBIUS Meu Deus.

IRMÁ MONIKA A señorita Doutor von Zahnd xa arranxou todo. Ela tenche en verdade por tolo, pero por inofensivo. E por non ser hereditaria a enfermidade. Que ela está máis tola ca ti, dixo

e riuse.

MÖBIUS Que amable pola súa parte.

IRMÁ MONIKA Non é unha persoa estupenda?

MÖBIUS Sen dúbida.

IRMÁ MONIKA Johann Wilhelm! Aceptei o posto de enfermeira da comunidade en Blumenstein. Teño aforros. Non temos de que preocuparnos. Só precisamos ocuparnos do noso amor.

Möbius ergueuse. Na habitación vai escurecendo pouco a pouco.

IRMÁ MONIKA Non é marabilloso?

MÖBIUS Certamente.

IRMÁ MONIKA Ti non te alegras.

MÖBIUS Ven algo inesperadamente.

IRMÁ MONIKA Aínda fixen máis.

MÖBIUS E sería?

IRMÁ MONIKA Falar co célebre físico, catedrático Scherbert.

MÖBIUS Foi o meu mestre.

----- 51 -----

IRMÁ MONIKA El acórdase perfectamente. Fostes, segundo el, o seu mellor alumno.

MÖBIUS E que acordaches con el?

IRMÁ MONIKA Prometeume tomar en consideración os teus manuscritos sen prexuízos.

MÖBIUS Tamén lle explicaches que proviñan de Salomón?

IRMÁ MONIKA Naturalmente.

MÖBIUS E?

IRMÁ MONIKA El riuse. Dixo que sempre fuches moi paxareiro. Johann Wilhelm! Non temos que pensar só en nós. Ti foches elixido. Salomón aparecéuseche a ti, manifestouseche a ti no seu esplendor, a verdade do ceo foiche participada. Agora tócache andar o camiño que manda a miragre, sen desviarse, incluso se o camiño conduce pola burla e as risas, pola incredulidade e a dúbida. Pero el conduce afóra desta institución. Johann Wilhelm, conduce á vida pública, non á soidade, conduce á loita. Eu estou aquí para axudarte, para loitar contigo, o ceo que a ti che enviou Salomón enviouno tamén a min.

Möbius mira absorto pola fiestra cara afóra.

IRMÁ MONIKA Queridísimo.

MÖBIUS Cariño?

IRMÁ MONIKA Non estás contento?

MÖBIUS Moito.

IRMÁ MONIKA Agora temos que facer as túas maletas. Ás oito e vinte sae o tren. A
Blumenstein. *Ela entra na habitación número 1.*

MÖBIUS *Estando só. Moito non é.*

----- 52 -----

Da habitación número 1 sae Monika cunha pila de manuscritos.

IRMÁ MONIKA Os teus manuscritos. *Deixaos sobre a mesa. Escureceu.*

MÖBIUS Agora ven a noite moi cedo.

IRMÁ MONIKA Vou prender a luz. Logo fago a túa maleta.

MÖBIUS Agarda un pouco. Achégate a min.

Ela achegase a el. Só as dúas siluetas son visibles.

IRMÁ MONIKA Tes vágoas nos ollos.

MÖBIUS Ti tamén.

IRMÁ MONIKA De felicidade.

El arranca a cortina abaixo sobre ela. Pelexa curta. As siluetas xa non son visibles. Despois silencio. Ábrese a porta da habitación número 3. Un raio de luz penetra no espacio. Newton está de pé na porta en traxe do seu século. Möbius vai cara a mesa, cólle(se) os manuscritos.

NEWTON Que sucedeu?

MÖBIUS *Indo para a súa habitación. Estrangulei á irmá Monika Stettler.*

Da habitación número 2 escoitase a Einstein tocando o violín.

NEWTON Ahí está Einstein tocando o violín outa vez. Schön Rosmarin. *Vai cara a cheminea e colle o coñac.*

----- 53 -----

SEGUNDO ACTO

Unha hora máis tarde, o mesmo espacio. Fóra é noite. Outra vez policía. De novo medir, anotar, fotografar. Só se pode supoñer, pois para o público non é visible, o cadáver de Monika Stettler á dereita ao fondo enbaixo da ventana. O salón está iluminado. A araña e a lámpara de pé están prendidas. No sofá está sentada a señorita Doutor Mathilde von Zahnd, taciturna, ensimismada. Sobre a pequena mesa, fronte a ela, una caixa de puros, no sillón situado máis á dereita, Guhl cun bloc de taquígrafia. O Inspector Voss, enfundado en sombreiro e abrigo, vólvese dende o cadáver e avanza cara o proskenio.

SEÑORITA DOUTOR Un habano?

INSPECTOR Non, gracias.

SEÑORITA DOUTOR Un grolo?

INSPECTOR Logo.

Calan.

INSPECTOR Blocher, xa podes tomar fotografías.

BLOCHER Como diga, señor Inspector.

Tómanse fotografías. Luz de flash.

INSPECTOR Como se chama a irmá?

SEÑORITA DOUTOR Monika Stettler.

----- 54 -----

INSPECTOR Idade?

SEÑORITA DOUTOR Vintecinco. De Blumenstein.

INSPECTOR Parentes?

SEÑORITA DOUTOR Ningún.

INSPECTOR Ten vostede as declaracións, Guhl?

GUHL Si, señor Inspector.

INSPECTOR De novo estrangulada, Doutor?

MÉDICO FORENSE Claramente. Outra vez con forzas descomunais. Só que esta vez co cordón da

cortina.

INSPECTOR Coma hai tres meses. *Séntase cansado no sillón de diante á dereita.*

SEÑORITA DOUTOR Quer vostede ver agora ao asasino -

INSPECTOR Por favor, señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Quero dicir, ver ao autor?

INSPECTOR Nin pensalo.

SEÑORITA DOUTOR Pero -

INSPECTOR Señorita Doutor von Zahnd. Eu cumpo o meu deber, levanto o protocolo, examino o cadáver, fago que o fotografien, e que o certifique o noso médico forense, pero a Möbius non penso velo. Encomendollo a vostede. Definitivamente. Xunto cos outros físicos radioactivos.

SEÑORITA DOUTOR E o fiscal?

INSPECTOR Non rebuliu nin unha soa vez máis. Resopla.

SEÑORITA DOUTOR *Sécase a súor.* Que calor fai aquí?

INSPECTOR De ningunha maneira.

SEÑORITA DOUTOR Este terceiro asasinato -

INSPECTOR Por favor, señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Este terceiro accidente era o que me faltaba aínda en “Les Cerisiers”. Podo dar gracias. Monika Stettler era a miña mellor coidadora. Comprendía aos enfermos. Podía empatizar con eles. Eu quería

----- 55 -----

coma a unha filla. Pero a súa morte aínda non é o peor. A miña reputación médica está polo chan.

INSPECTOR Xa a recuperará. Blocher, fai outra toma dende arriba.

BLOCHER Como diga, señor Inspector.

Dende a dereita dous coidadores xigantescos empurran adentro un carro con cubertos e comida. Un deles é un negro. Acompañaos un coidador xefe de proporcións igualmente xigantescas.

XEFE DE COIDADORES A cea para os nosos queridos enfermos, señorita Doutor.

INSPECTOR *Érguese dun salto.* Uwe Sievers.

XEFE DE COIDADORES Correcto, señor Inspector. Uwe Sievers. O outrora campión de Europa de boxeo dos pesos pesados. Actualmente coidador xefe en “Les Cerisiers”.

INSPECTOR E os outros dous monstruos?

XEFE DE COIDADORES Murillo, campión sudamericano, tamén dos pesos pesados, e McArthur – *senalando ao negro* – campión norteamericano, peso medio. Pon a mesa de pé, McArthur.

McArthur pon a mesa de pé.

XEFE DE COIDADORES O matel, Murillo.

Murillo estende un mantel branco sobre a mesa.

XEFE DE COIDADORES A porcelana Meissner, McArthur.

McArthur coloca os pratos.

----- 56 -----

XEFE DE COIDADORES Os cubertos de prata, Murillo.

Murillo reparte os cubertos.

XEFE DE COIDADORES A sopera no medio, McArthur.

MacArthur coloca a sopera na mesa.

INSPECTOR Que teñen hoxe entón os nosos queridos enfermos? *Levanta a tapa da sopera.* Sopa de bolicos de fígado.

XEFE DE COIDADORES Poulet à la broche, Cordon bleu.

INSPECTOR Fantástico.

XEFE DE COIDADORES De primeira clase.

INSPECTOR Eu son un funcionario de décimocuarta clase, e na miña casa non hai tanto refinamento culinario.

XEFE DE COIDADORES Está servida, señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Pode retirarse, Sievers. Os pacientes sérvense eles mesmos.

XEFE DE COIDADORES Foi unha honra, señor Inspector,

Os tres fan unha revenrencia e saen pola dereita.

INSPECTOR *Ségueos coa mirada.* Que me parta un raio.

SEÑORITA DOUTOR Contento?

INSPECTOR Envidioso. Se os tivesemos na policía -

SEÑORITA DOUTOR Os soldos son astronómicos.

INSPECTOR Cos seus baróns caciques e as súas multimillonarias ben pode permitirllelo. Os rapazóns tranquilizarán por fin ao fiscal. A eses no se lle escapa ningún.

Na habitación número 2 escoitase a Einstein tocando o violín.

SEÑORITA DOUTOR Outra vez a Sonata Kreuzer.

INSPECTOR Seino. O andante.

BLOCHER Xa estaríamos listos, señor Inspector.

INSPECTOR Logo retirede o cadáver como a outra vez.

Dous policías levantan o cadáver. Entón irrumpe Möbius dende a habitación número 1.

MÖBIUS Monika! Meu amor!

Os policías co cadáver detéñense, a señorita Doutor érguese maxestuosamente.

SEÑORITA DOUTOR Möbius! Como puido vostede facer iso? Vostede matou á miña mellor enfermeira, a miña máis delicada enfermeira, a miña máis doce enfermeira!

MÖBIUS Non sabe canto o sinto, señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Sínteo.

MÖBIUS O rei Salomón ordenoumo.

SEÑORITA DOUTOR Con que o rei Salomón...*Séntase de novo. Pesadamente. Pálida.* A súa maxestade ordenou o asasinato.

MÖBIUS Eu estaba na fiestra mirando absorto a escura noite. Entón o rei aparece flotando dende o parque ata a terraza moi preto de min e susurroume a orde a través do cristal.

SEÑORITA DOUTOR Disculpe vostede, Voss. Os meus nervios.

INSPECTOR Non se merecen.

SEÑORITA DOUTOR Unha institución así queda devastada.

INSPECTOR Podo imaxinalo.

SEÑORITA DOUTOR Eu retírome. *Érguese.* Señor Inspector Voss: Transmítalle vostede ao fiscal o meu pesar polos os incidentes ocorridos no meu sanatorio. Asegúrelle da miña parte que agora está todo en orde. Señor forense, cabaleiros, foi unha honra. *Diríxese primeiro ao fondo á esquerda, inclínase solemnemente ante o cadáver, coa mesma quédase mirando para Möbius, sae logo pola dereita.*

INSPECTOR Ben. Agora poden vostedes portar definitivamente o cadáver á capela. Xunta ó da irmá Irene.

MÖBIUS Monika!

Ambos policías saen co cadáver pola porta do xardín; os outros cos aparellos. O médico forense séguelos.

MÖBIUS Miña amada Monika.

INSPECTOR *Diríxese cara a pequena mesiña xunto ao sofá. Agora si que necesito un habano. Téñoos gañados. Colle un enorme puro da caixa, contemplao. Vaia aparato. Despúntao cos dentes, encéndeo.* Meu querido Möbius, detrás da rexa da cheminea está agochado o coñac de Sir Isaac Newton.

MÖBIUS Agora mesmo, señor Inspector.

O Inspector fuma a grandes bocanadas mentres Möbius colle a botella de coñac e a copa.

MÖBIUS Permite que lle sirva?

INSPECTOR Permiso. *Colle a copa, bebe.*

MÖBIUS Outra máis?

INSPECTOR Outra.

----- 59 -----

MÖBIUS *Serve unha de novo.* Señor Inspector teño que pedirlle que me arreste.

INSPECTOR Pero para que entón, meu querido Möbius.

MÖBIUS Pois polo da irmá Mónica -

INSPECTOR Segundo o súa propia confesión vostede actuou seguindo as ordes do rei Salomón. Namentres non o poida arrestalo a el, vostede queda libre.

MÖBIUS Pero -

INSPECTOR Non hai pero que valga. Sírname outro grolo.

MÖBIUS Enseguida, señor Inspector.

INSPECTOR E agora faga desaparecer o coñac outra vez, se non darán conta del os coidadores.

MÖBIUS Como diga, señor Inspector. *Fai desaparecer o coñac.*

INSPECTOR Séntese.

MÖBIUS Como diga, señor Inspector. *Séntase na cadeira.*

INSPECTOR Veña aquí. *Sinala ao canapé.*

MÖBIUS Como diga, señor Inspector. *Senta no canapé.*

INSPECTOR Mire vostede, na cidadiña e nos arredores eu prendo ao ano algúns asasinados. Non moitos. Apenas media ducia. Algúns préndooos con gusto, outros danme pena, pero non teño máis remedio que arrestalos. O xustiza é a xustiza. E agora ven vostede e os seus dous colegas. Ao principio enfadeime, claro, de non poder intervir, pero agora? Por unha vez disfrútoos. Puiden dar gritos de xúbilo. Atopei tres asasinados que, sen mala conciencia, non preciso encarcerar. A xustiza está de vacacións por primeira vez, unha sensación inmensa. Pois a xustiza, amigo meu, deixa a un exhausto, ao seu servizo un arruínase

----- 60 -----

física e moralmente. Sinxelamente necesito unha pausa. Meu ben querido, ese pracer teño que agradecerllo a vostedes. Que vaia ben. Saúde da miña parte a Newton e Einstein de todo corazón e

non deixe vostede de presentarlle os meus respetos a Salomón.

MÖBIUS Como diga, señor Inspector.

O Inspector marcha. Möbius está so. Séntase no sofá, presiona as súas sens coas mans. Da habitación número 3 ven Newton.

NEWTON Que hai, entón?

Möbius garda silencio.

NEWTON *Levanta o testo da sopera. Sopa de bolicos de figado. Levanta o testo dos demais manxares do carro. Poulet à la broche. Cordón bleu. Extrano. Normalmente comemos lixeiro polas noites. E modestamente. Dende que os demais pacientes están nas novas dependencias. Cazéase sopa. Non hai fame?*

Möbius garda silencio.

NEWTON Entendo. Despois da miña enfermeira tamén se me foi o apetito.

Séntase e comeza a tomar sopa de bolicos de figado. Möbius érguese querendo ir á súa habitación.

NEWTON Quede vostede

MÖBIUS Sir Isaac?

----- 61 -----

NEWTON Teño que falar con vostede, Möbius.

MÖBIUS *Queda de pé. E ben?*

NEWTON *Sinalando á comida. Non quere quizais si probar a sopa de bolicos de figado? Sabe de primeira.*

MÖBIUS Non.

NEWTON Meu querido Möbius, xa non estamos tutelados por enfermeiras, estamos vixiados por coidadores. Por xigantescos mozallóns.

MÖBIUS Iso non cambia nada.

NEWTON Quizáis non para vostede, Möbius. É evidente que vostede desexa pasar toda a súa vida no manicomio. Pero para min si. Eu si que quero saír. *Remata a sopa de bolicos de figado. Ben.* Pasemos agora ao poulet à la broche. *Sírvese.* Os coidadores fórzanme a pasar á acción. Hoxe incluso.

MÖBIUS Asunto seu.

NEWTON Non totalmente. Unha confesión, Möbius: eu non estou tolo.

MÖBIUS Pero naturalmente que non, Sir Isaac.

NEWTON Eu non son Sir Isaac Newton.

MÖBIUS Xa o sei. Albert Einstein.

NEWTON Parvadas. E tampouco son Herbert Georg Beutler, como se cre aquí. O meu verdadeiro nome éche Kilton, meu.

MÖBIUS *Mirao fixamente asustado.* Alec Jaspar Kilton?

NEWTON Correcto.

MÖBIUS O fundador da Doutrina da Correspondencia?

NEWTON O mesmo.

MÖBIUS *Achegándose á mesa.* Vostede colouse aquí clandestinamente?

----- 62 -----

NEWTON Facendome o tolo.

MÖBIUS Para – espiarme a min?

NEWTON Para averiguar a causa da súa loucura. O meu impecable alemán aprendéronmo no campo de intrucción do noso servizo secreto, un traballo horroroso.

MÖBIUS E porque a probe irmá Dorothea caíu na conta, Vostede tívoa que-

NEWTON Tívena. Lamento moitísimo o ocorrido.

MÖBIUS Comprendo.

NEWTON Ordes son ordes.

MÖBIUS Por suposto.

NEWTON Non podía actuar doutro xeito.

MÖBIUS Naturalmente que non.

NEWTON A miña misión estaba en cuestión, a operación máis secreta do noso servizo secreto. Eu tiven que matar, para evitar calquera sospeita. A irmá Dorothea xa non me tiña por tolo, a médico xefe só por moderadamente enfermo, tocaba demostrar definitivamente a miña loucura con un asasinato. Oia, a poulet à la broche sabe pero que de rechupete.

Da habitación número 2 escóitase a Einstein tocar o violín.

MÖBIUS Ahí está Einstein tocando o violín outra vez.

NEWTON A Gavotte de Bach.

MÖBIUS A súa comida váiselle enfriar.

NEWTON Deixe vostede ó tolo seguir tocando ao seu aire.

MÖBIUS É unha ameaza?

NEWTON Sinto veneración por vostede. Lamentaría ter que proceder de xeito enérxico.

----- 63 -----

MÖBIUS Ten vostede a misión de secuestrarme.

NEWTON No caso de confirmarse a sospeita do noso servicio secreto.

MÖBIUS E sería?

NEWTON Casualmente téñeno a vostede polo físico máis xenial do presente.

MÖBIUS Eu son unha persoa gravemente enferma dos nervios, Kilton, nada máis.

NEWTON O noso servicio secreto ten outra opinión sobre iso.

MÖBIUS E que pensa vostede de min?

NEWTON Eu téño sinxelamente polo físico máis grande de todos os tempos.

MÖBIUS E como deu o seu servicio secreto connmigo?

NEWTON Por min. Por casualidade lin a súa disertación sobre os fundamentos dunha nova física. Ao principio o tratado pareceume un divertimento. Despois caíronme as escamas dos ollos. Tiña ante min o documento máis xenial da nova física. Comecei a indagar sobre o autor e non fixen progresos. Logo pasei un informe ao servicio secreto e este si que fixo progresos.

EINSTEIN Non foi vostede o único lector da disertación, Kilton. *Sen que ninguén se percatase el deslizárase dende a habitación número 2 co seu violín e o arco baixo o brazo*. Tampouco eu estou tolo. Permítenme que me presente? Tamén eu son físico. E membro dun servicio secreto. Pero dun bastante distinto. O meu nome é Joseph Eisler.

MÖBIUS O descubridor do Efecto Eisler?

EINSTEIN O mesmo.

NEWTON Desaparecido en mil novecentos cincuenta.

----- 64 -----

EINSTEIN Voluntariamente.

NEWTON *Ten de repente un revolver na man*. Podo pedirlle, Eisler, que se poña de cara á parede?

EINSTEIN Pero naturalmente. *Dirixíndose parsimoniosamente á cheminea, pousa o violín na repisa e de súpeto vólvese cun revolver na man*. Meu preciado Kilton. Dado que nós os dous, como sospeito, somos hábiles manexando as armas, quereremos a ser posible evitar un duelo, non lle parece? Con gusto deixarei a un lado o meu Browning, caso de que vostede faga outro tanto co seu Colt-

NEWTON De acordo.

EINSTEIN Detrás da rexa da cheminea, onda o coñac, por se nun repente viñesen os coidadores.

NEWTON Conforme.

Ambos deixan o seu revolver tras da rexa da cheminea.

EINSTEIN Vostede desbaratou os meus plans, Kilton, a vostede tíñao realmente por tolo.

NEWTON Consólese: eu a vostede tamén.

EINSTEIN En realidade torcéronse algunhas cousas. Por exempolo, o asunto da irmá Irene, hoxe pola tarde. Ela tiña levantado sospeitas, e esa foi a súa sentencia de morte. Lamento moitísimo o incidente.

MÖBIUS Comprendo.
 EINSTEIN Ordes son ordes.
 MÖBIUS Por suposto.
 EINSTEIN Non podía actuar de outro xeito.
 MÖBIUS Naturalmente que non.
 EINSTEIN Tamén a miña misión estaba en cuestión, tamén a

----- 65 -----

operación máis secreta do meu servicio secreto. Sentámonos?

NEWTON Sentémonos.

El séntase á esquerda da mesa, Einstein á dereita.

MÖBIUS Supoño, Eisler, que agora quere vostede obrigarme -
 EINSTEIN Pero Möbius.
 MÖBIUS Animarme, a visitar o seu país.
 EINSTEIN Ao fin e ao cabo, tamén nós o temos a vostede polo máis grande de todos os físicos. Pero agora estou impaciente por probar a cea. Talmente a comida do verdugo. Cazéase sopa. Aínda ningún apetito, Möbius?
 MÖBIUS Si. De repente. Agora, que o averiguachedes todo. *Séntase á mesa entre os dous e tamén se cazea sopa.*
 NEWTON Un borgoña, Möbius?
 MÖBIUS Escancie vostede.
 NEWTON *Escancia*. Eu vou a atacar o cordon bleu.
 MÖBIUS Sen miramentos.
 NEWTON Bon proveito.
 EINSTEIN Bon proveito.
 MÖBIUS Bon proveito.

Comen. Pola dereita entran os tres coidadores, o xefe cun caderno de notas.

COIDADOR XEFE Paciente Beutler!
 NEWTON Presente.
 COIDADOR XEFE Paciente Ernesti!
 EINSTEIN Presente.

----- 66 -----

COIDADOR XEFE Paciente Möbius!

MÖBIUS Presente.

COIDADOR XEFE Coidador Xefe Sievers, coidador Murillo, coidador McArthur. *Volve a gardar o caderno de notas.* Por consello das autoridades hai que tomar certas medidas de seguridade. Murillo, a rexa pechada.

Murillo deixa cair unha rexa sobre a fiestra. De golpe o espacio ten visos de cárcere.

COIDADOR XEFE McArthur, pecha.

McArthur pecha a rexa.

COIDADOR XEFE Teñen os señores para a noite algún outro desexo? Paciente Beutler?

NEWTON Non.

COIDADOR XEFE Paciente Ernesti?

EINSTEIN Non.

COIDADOR XEFE Paciente Möbius?

MÖBIUS Non.

COIDADOR XEFE Meus señores. Retirámonos. Boas noites.

Os tres coidadores marchan. Silencio.

EINSTEIN Unhas bestias.

NEWTON No parque asexan aínda outros colosos. Hai xa un bo rato que os observei dende a miña fiestra.

EINSTEIN *Érguese e supervisa a rexa.* Sólida. Con un candado especial.

NEWTON *Diríxese cara a porta da súa habitación, ábrea, mira*

----- 67 -----

dentro. Tamén de golpe na miña fiestra unha rexa. Como por arte de maxia.

Abre as outras dúas portas do fondo.

NEWTON Tamén na de Eisler. E na de Möbius. *Diríxese á porta da dereita.* Pechada.

Volve a sentarse. Tamén Einstein.

EINSTEIN Presos.

NEWTON Lóxico. Nós e as nosas enfermeiras.
EINSTEIN Agora só conseguiremos saír do manicomio se actuamos en equipo.
MÖBIUS Eu para nada quero fuxir.
EINSTEIN Möbius -
MÖBIUS Non atopo nen a máis mínima razón para facelo. Todo o contrario. Estou contento co meu destino.

Silencio.

NEWTON Pois eu non estou contento con il, unha circunstancia bastante decisiva, non lle parece? Con todo o meu respecto polos seus sentimentos persoais, recórdolle que vostede é un xenio e, como tal, un ben común. Vostede abriuse paso nun novo campo da física. Pero vostede non ten a exclusiva da ciencia. O seu deber é abrílos as portas tamén a nós, os que non somos xenios. Veña vostede connigo, nun ano enfundámolo a vostede nun frac, transportámolo a Estocolmo, e recibe o Premio Nobel.

MÖBIUS O seu servicio secreto é ben desinteresado.

NEWTON Admito, Möbius, que a eles o que máis lle impresiona é a sospeita

----- 68 -----

de que vostede teña resolto o problema da gravitación.

MÖBIUS Así é.

Silencio.

EINSTEIN Iso dío vostede tan impertérito.

MÖBIUS Como é que debo dicilo entón?

EINSTEIN O meu servicio secreto cría que vostede tería....a Teoría Unitaria das Partículas Elementais -

MÖBIUS Tamén podó tranquilizar eu ao seu servicio secreto. A Teoría Unitaria de Campos está descuberta.

NEWTON *Sécase a suor da fronte coa servilleta.* A fórmula do universo.

EINSTEIN Para rirse. Hordas de físicos ben remunerados en xigantescos laboratorios estatais intentaron dende hai anos progresar na física sen conseguilo, e vostede liquidado de pasada no manicomio á mesa do escritorio. *Igualmente sécase coa servilleta a suor da fronte.*

NEWTON E o sistema de todos os posibles inventos, Möbius?

MÖBIUS Tamén o hai. Establecino por curiosidade, como compendio práctico dos meus traballos teóricos. Debo facerme o inocente? O que pensamos ten as súas consecuencias. Era o meu deber estudar os efectos que ía ter a miña teoría de campos e a miña doutrina da gravitación. O resultado é debastador. Novas, inimaxinables enerxías liberaríanse e posibilitaríase unha técnica que se burlaría de toda imaxinación, caso de que as miñas investigacións caisen nas mans dos homes.

EINSTEIN Iso será casi imposible de evitar.

----- 69 -----

NEWTON A cuestión é só quen será o primeiro en acceder a elas..

MÖBIUS *Ríndose.* E abofé que vostede deséxalle esa sorte ao seu servicio secreto, Kilton, e ao Estado Maior que está detrás.

NEWTON Por que non. Para reconducir ao máis grande físico de todos os tempos á comunidade dos físicos, calquera Estado Maior é para min igualmente sagrado.

EINSTEIN Para min só é sagrado o meu Estado Maior. Estámolle subministrando á humanidade medios de poder descomunais. E iso danos dereito a impoñer condicións. Temos que decidir para o ben de quen poñemos ao servizo a nosa ciencia, e eu xa me decidín.

NEWTON Absurdo, Eisler. Trátase da liberdade da nosa ciencia e de ningunha outra cousa. A nosa misión é abrir novos camiños e nada máis. Que a humanidade entenda ou non cómo recorrer o camiño que lle abrimos, é asunto seu, non noso.

EINSTEIN Vostede é un esteta miserable, Kilton. Por que non se ven con nós, se o único que lle importa é a liberdade da ciencia? Xa hai tempo que tampouco nós nos podemos permitir ter aos físicos baixo tutela. Tamén nós necesitamos resultados. Tamén o noso sistema político está obrigado a comerlle da man á ciencia.

NEWTON Agora ambos os nosos sistemas políticos, Eisler, teñen que comerlle da man a Möbius sobre todo.

EINSTEIN Ao contrario. É el o que terá que obedecernos. Ao fin e ao cabo, somos nós os dous os que o mantemos a el en xaque.

NEWTON Non me diga? Mais ben somos nós os dous os que nos mantemos mutuamente en xaque. Desgraciadamente os nosos servizos secretos viñeron a caer na mesma idea. Se Möbius vai con vostedes, eu non podo

----- 70 -----

facen nada en contra, porque vostede o impediría. E vostede estaría desvalido se Möbius se decidira no meu favor. É el o que pode elixir aquí, non nós.

EINSTEIN *Érguese con aire solemne.* Collamos os revólveres.

NEWTON *Érguese igualmente.* Combatamos.

Newton colle ambos revólveres detrás da rexa da cheminea e entrégalle a Einstein a súa arma.

EINSTEIN Lamento que o asunto teña un final sanguento. Pero debemos disparar. Un sobre o outro e por suposto sobre os gardas. En caso de necesidade incluso sobre Möbius. Por moito que el sexa o home máis importante do mundo, os seus manuscritos son máis importantes.

MÖBIUS Os meus manuscritos? Queimeinos.

Silencio de morte.

EINSTEIN Queimados?

MÖBIUS *Desconcertado.* Fai un pouco. Antes de que volvese a policía. Para ir sobre seguro.
EINSTEIN *Rompe a rir exasperado.* Queimados.
NEWTON *Berrando alporizado.* O traballo de quince anos.
EINSTEIN É para volverse louco.
NEWTON Oficialmente xa o estamos.

Enfundan os seus revólveres e séntanse no sofá feitos polvo.

EINSTEIN Dese xeito si que estamos definitivamente nas súas mans, Möbius.
NEWTON E para iso tiven eu que estrangular unha enfermeira e aprender alemán.

----- 71 -----

EINSTEIN Mentres que a min aprendéronme a tocar o violín: unha tortura para unha persoa sen o máis mínimo talento musical.

MÖBIUS Non seguimos xantando?

NEWTON Fóiseme o apetito.

EINSTEIN Lástima do cordon bleu.

MÖBIUS *Érguese.* Os tres somos físicos. A decisión que debemos tomar é unha decisión entre físicos. Temos que proceder cientificamente. Non debemos deixarnos guiar por opinións, senón por deducións lóxicas. Debemos intentar atopar unha solución racional. Non podemos permitírnos ningún fallo deductivo, pois unha conclusión errónea conduciríanos á catástrofe. O punto de partida está claro. Os tres temos o mesmo obxectivo en mente, pero a nosa táctica é diferente. A meta é o progreso da física. Vostede quere preservarlle a liberdade a esta, Kilton, e exímea de toda responsabilidade. Vostede, pola contra, Eisler, pretende, en nome da responsabilidade, someter a física á política imperialista dun determinado país. Agora ben, que aspecto ten a realidade? Eu sobre iso esixo información, se é que me teño que decidir.

NEWTON Algúns dos físicos máis ilustres agárdanno a vostede. Soldo e aloxamento ideais, a zona é mortífera, pero as instalacións de climatización excelentes.

MÖBIUS Son eses físicos libres?

NEWTON Meu querido Möbius. Eses físicos declaráronse dispostos a resolver problemas científicos que son decisivos para a defensa nacional. En consecuencia vostede comprenderá-

MÖBIUS Que non son libres. *Dirixíndose a Einstein.* Josef Eisler. Vostede exerce política imperialista. Para iso fai falla abofê poder. Posúeo vostede?

----- 72 -----

EINSTEIN Vostede interprétame mal, Möbius. A miña política imperialista consiste en que eu renunciei ao meu poder en favor dun partido.

MÖBIUS Pode vostede manexar o seu partido no sentido da súa responsabilidade, ou corre vostede perigo de ser manexado por el?.

EINSTEIN Möbius! Iso é irrisorio. Obviamente eu só podo esperar que o partido siga os meus consellos, non máis. Pois sen esperanza deixa de existir toda actitude política.

MÖBIUS Son, ao menos, os seus físicos libres?

EINSTEIN Dado que tamén eles están pola defensa nacional -

MÖBIUS Curioso. Cada un loubame unha teoría distinta, pero a realidade que se me ofrece é a mesma: un cárcere. Para iso prefiro o meu manicomio. Hai para min ao menos a seguridade de non ser utilizado por políticos?

EINSTEIN Certos riscos, ao fin e ao cabo, teñen que asumirse.

MÖBIUS Hai riscos que nunca se deben asumir: a aniquilación da humanidade é un deles. As estremunias que o mundo causa coas armas que xa posúe, sabémolas, as que causaría con aquelas que eu fago posibles, podemos imaxinalas. A esa consideración teño supeditado eu o meu actuar. Eu era pobre. As miñas posesións eran muller e tres fillos. Na universidade acenábame a fama, na industria, o diñeiro. Ambos camiños eran demasiado perigosos. De ter que publicar os meus traballos, as consecuencias terían sido o derrubamento da nosa ciencia e o desmoroamento da estrutura económica. O sentido da responsabilidade forzoume a tomar outro camiño. Deixei correr a miña carreira académica, renunciei á industria e

----- 73 -----

abandoei a miña familia ao seu destino. Elexín a máscara de chiflado. En canto dei a entender que se me aparecía o rei Salomón e xa se me encerrou nun manicomio.

NEWTON Pero esa non era unha solución!

MÖBIUS A razón esixía dar ese paso. Na nosa ciencia temos chegado aos límites do cognoscible. Coñecemos algunhas leis exactamente formulables e unhas cantas relacións esenciais entre fenómenos incomprensibles, iso é todo. Todo o resto, que é grandioso, permanece sendo un misterio, inaccesible ao entendemento. Nós temos chegado á fin do noso camiño. Pero a humanidade aínda non chegou tan lonxe. Nós fomos pioneiros na loita, pero agora non nos segue ninquén, topamos co baleiro. A nosa ciencia volveuse terrible, a nosa investigación, perigosa, o noso coñecemento, mortífero. Aos físicos xa só nos resta capitular ante a realidade. Ela non está á nosa altura. Por mor de nós ela vaise a pique. Debemos retraer o noso coñecemento, e eu xa o retirei. Non hai ningunha outra solución, tampouco para vós.

EINSTEIN Que quere vostede dicir con iso?

MÖBIUS Tendes emisoras clandestinas?

EINSTEIN E que?

MÖBIUS Informade ao voso mandante. Que vos tiñades equivocado. Que realmente estou tolo.

EINSTEIN Entón quedamos aquí para toda a vida.

MÖBIUS Seguro.

EINSTEIN A espías fracasados, ningún galo lle vai cantando detrás.

MÖBIUS Por iso mesmo.

NEWTON Entón que?

----- 74 -----

MÖBIUS Tendes que quedar connigo no manicomio.

NEWTON Nós?

MÖBIUS Volos dous.

Silencio.

NEWTON Möbius! Pero vostede non pode esixirnos que eternamente -

MÖBIUS É a miña única posibilidade de seguir pasando inadvertido. Unicamente no manicomio seguimos sendo libres. Só no manicomio temos licencia para seguir pensando. En liberdade os nosos pensamentos son material explosivo.

NEWTON Pero en definitiva non somos tolos.

MÖBIUS Pero sí asasinados.

Eles míranno estupefactos.

NEWTON Eu protesto!

EINSTEIN Iso non debeu dicilo, Möbius!

MÖBIUS O que mata é un asasino, e nós matamos. Cada un de nós tiña unha misión que o conduciu a esta instalación. Cada un de nós matou á súa enfermeira con un determinado obxectivo. Vosoutros, para non poñer en perigo a vosa misión secreta, eu, porque a irmá Monika creu en min. Ela tíñame por un xenio incomprendido. Non entendeu que hoxe o deber dun xenio é permanecer incomprendido. Matar é algo terrible. E eu matei para evitar que se causaran outros asasinatos máis terribles aínda. Agora viñestedes vós. De vós non me podo desfacer, pero acaso convencer? Deben as nosas mortes tornarse en sinsentido? Pois unha de dúas: o que fixemos ou foi un sacrificio, ou ben un asasinato. Ou ben quedamos no manicomio, ou o mundo converterase nun manicomio. Ou nos borramos nós da memoria dos seres humanos, ou a humanidade será borrada do mapa.

Silencio.

NEWTON Möbius!

MÖBIUS Kilton?

NEWTON Nesta institución. Con eses horribles coidadores. Con esa doutora chepuda!

MÖBIUS E ben?

EINSTEIN Vaisenos encerrar coma animais salvaxes!

MÖBIUS Somos animais salvaxes. Non se nos pode ceibar no medio da humanidade.

Silencio.

NEWTON Realmente non hai outra saída?

MÖBIUS Ningunha.

Silencio.

EINSTEIN Johann Wilhelm Möbius. Eu son un ser humano decente. Eu quedo.

Silencio.

NEWTON Eu quedo tamén. Para sempre.

Silencio.

MÖBIUS Agradézovolo. En nome da mínima posibilidade

----- 76 -----

que agora o mundo si ten para saír desta. Alza *a súa copa*. Polas nosas enfermeiras!

Erguéñse solemnemente.

NEWTON Eu brindo por Dorothea Moser.

OS OUTROS DOUS Pola irmá Dorothea.

NEWTON Dorothea! Tiven que sacrificarte. Dinche morte polo teu amor! Agora quero facerme digno de ti.

EINSTEIN Eu brindo por Irene Straub.

OS OUTROS DOUS Pola irmá Irene.

EINSTEIN Irene! Tiven que sacrificarte. Para loubarte e glorificar a túa entrega, quero actuar racionalmente.

MÖBIUS Eu brindo por Monka Stettler.

OS OUTROS DOUS Pola irmá Monika!

MÖBIUS Monika! Eu tiven que sacrificarte. Que o teu amor bendiga a amizade que nós, tres físicos, pechamos/sellamos no teu nome. Danos a forza de preservar fielmente os segredos da nosa ciencia baixo aparencia de dementes.

Beben, pousan as copas sobre a mesa.

NEWTON Transformémonos de novo en loucos. Trasgueemos pois como fantasma de Newton.

EINSTEIN Volvamos a racar no violín a Kreisler e Beethoven.

MÖBIUS Deixemos aparecer outra vez a Salomón.

NEWTON Loucos, pero sabios.

EINSTEIN Presos, pero libres.

MÖBIUS Físicos, pero inocentes.

Os tres fanse acenos de despedida, van ás súas habitacións. O espacio está baldeiro. Pola dereita veñen McArthur e Murillo. Agora ambos visten un uniforme negro con gorra e pistolas. Recollen a mesa. McArthur saca o carro coa louza pola dereita, Murillo coloca a mesa redonda diante da fiestra da dereita, enriba dela as cadeiras patas arriba como cando se recolle un bar. Logo sae tamén pola dereita. O espacio está outra vez baldeiro. A continuación ven pola dereita a señorita Doutor Mathilde von Zahnd. Coma sempre co batín branco de médico, estetoscopio. Mira ao seu redor. Por último entra aínda Sievers, igualmente en uniforme negro.

COIDADOR XEFE Boss.

SEÑORITA DOUTOR Sievers, o cadro.

McArthur e Murillo entran un retrato enorme cun pesado marco dourado, representando un xeneral. Sievers descolga o vello retrato e colga o novo.

SEÑORITA DOUTOR O Xeneral Leonidas von Zahnd está aquí mellor resgardado que coas fêmeas. Mantén aínda unha aire imponente, o vello espadachín, pese á enfermidade do mal de Basedow. El devecía polas mortes heroicas e algo así foi o que tivo lugar nesta casa. *Contempla o retrato do seu pai.* En troques o conselleiro secreto pasará ao pabellón feminino, xunto ás millonarias. De momento colocádeo no corredor.

McArthur e Murillo sacan o cadro pola dereita.

SEÑORITA DOUTOR Chegou o director xeral Fröben cos seu heroes?

COIDADOR XEFE Agardan no salón verde. Quere que prepare chapán e caviar?

SEÑORITA DOUTOR Os corifeos non están para comer coma sibaritas, senón para traballar.

Ela séntase no sofá. McArthur e Murillo entran pola dereita de volta.

SEÑORITA DOUTOR Traia vostede aos tres, Sievers.

COIDADOR XEFE Á orde, Boss. *Diríxese á habitación número 1 e abre a porta.* Möbius, afóra!

McArthur e Murillo abren as portas 2 e 3.

MURILLO Newton, afóra!

MCARTHUR Einstein, afóra!

Saen Newton, Einstein e Möbius. Todos transfigurados.

NEWTON Unha noite chea de misterio. Infinita e sublime. Por entre as rexeas da miña fiestra centellean Xúpiter e Saturno, revelando as leis do firmamento.

EINSTEIN Unha noite feliz. Chea de consuelo e bondade. Os enigmas calan, as preguntas enmudeceron. Gustaríame tocar o violín e nunca máis parar.

MÖBIUS Unha noite chea de recollimento. Dun azul profundo e piadosa. A noite do todopoderoso rei, cuia branca sombra se desprende da parede. Os seus ollos resplandecen/refulxen.

----- 79 -----

Silencio.

SEÑORITA DOUTOR Möbius. Por orde do fiscal só me está permitido falar con vostede en presenza dun garda.

MÖBIUS Comprendo señorita Doutor.

SEÑORITA DOUTOR Pero o que teño que dicir, tamén lle concirne aos seus colegas, Alec Jasper Kilton e Joseph Eisler.

Os dous a miran atónitos.

NEWTON Vostede – sabeo?

Ambos queren sacar os seus revólveres, pero son desarmados por Murillo e McArthur.

SEÑORITA DOUTOR A súa conversa, señores meus, foi interceptada; eu albergaba sospeita dende xa hai tempo. McArthur e Murillo, traede as emisoras clandestinas de Kilton e Eisler,.

COIDADOR XEFE As mans detrás da caluga, os tres!

Möbius, Einstein e Newton poñen as mans detrás da caluga, McArthur e Murillo dirixense ás habitacións 2 e 3.

NEWTON Chusco! *Vota a rir so cunha risa espectral.*

EINSTEIN Non sei eu -

NEWTON Divertidísimo! *Volve a rir. Enmudece.*

McArthur e Murillo volven coas emisoras clandestinas.

----- 80 -----

COIDADOR XEFE Abaixo as mans!

Os físicos obedecen. Silencio.

SEÑORITA DOUTOR Sievers, os reflectores.

COIDADADOR XEFE O.K., Boss.

Levanta a man. Dende fóra varios reflectores sumerxen aos físicos nunha luz deslumbradora. Ao mesmo tempo Sievers apagara a luz interior.

SEÑORITA DOUTOR A vila está rodeada de gardas. Calquera intento de fuga é absurdo. Aos coidadores. Volos tres, fóra!

Os tres coidadores abandoan o espacio portando as armas e os aparellos emisores. Silencio.

SEÑORITA DOUTOR Só vós coñeceredes o meu segredo. Porque xa non importa que o saibades.

Silencio.

SEÑORITA DOUTOR Solemne. Tamén a min se me apareceu o áureo rei Salomón.

Os tres miranna estupefactos.

MÖBIUS Salomón?

SEÑORITA DOUTOR Todos estes anos.

Newton solta unha gargallada polo baixo.

----- 81 -----

SEÑORITA DOUTOR *Imperturbable.* A primeira vez, no meu estudio. Unha noite de verán. Fóra brillaba aínda o sol e no parque martelaba un paxaro carpinteiro, cando de súpeto o rei dourado achegouse levitando. Coma un imponente anxo.

EINSTEIN Esta muller volveuse tola.

SEÑORITA DOUTOR A súa mirada pousouse en min. Os seus beizos abríronse e comezou a falar coa súa criada. El resucitara de entre os mortos e quería recuperar novamente o poder que unha vez lle pertenceu aquí abaixo; revelara a súa sabiduría para que, no seu nome, Möbius reinase sobre a terra.

EINSTEIN Hai que internalala. O seu sitio está no manicomio.

SEÑORITA DOUTOR Pero Möbius delatouno. El intentou silenciar o que non podía ser

silenciado. Pois o que a el lle foi revelado non é ningún secreto. Porque é pensable. E todo o pensable será pensado nalgún momento. Agora ou no futuro. O que Salomón descubrira, tamén o pode descubrir outra persoa algún día, pero o caso é que foi obra do áureo rei, o medio para restablecer o seu sagrado dominio sobre o mundo, e por iso veu a buscar-me a min, a súa indigna serventa.

EINSTEIN *Insistente.* Vostede está tola. Escoitame vostede, está tola.

SEÑORITA DOUTOR O áureo rei ordenoume de destituir a Möbius e gobernar no seu lugar. Eu obedecín. Eu era médica e Möbius o meu paciente. Eu podía facer con el o que quixera. Narcoticeino ao longo dos anos, unha e outra vez, e fotocopiei os apuntes de Salomón ata a última páxina.

----- 82 -----

NEWTON Vostede está guillada! Completamente! A ver se se entera dunha vez! *En voz baixa.* Todos estamos guillados.

SEÑORITA DOUTOR Procedín con moita cautela. Ao principio explotei só uns cantos inventos, para reunir o capital necesario. Despois fundei xigantescas empresas, comprando unha fábrica tras outra e levantando un poderoso Trust. Eu sacarei proveito do sistema de todos os posibles inventos, cabaleiros.

MÖBIUS *Insistentemente.* Señorita Doutor Mathilde von Zahnd: vostede está enferma. Salomón non existe. Nunca se me apareceu.

SEÑORITA DOUTOR Mente vostede.

MÖBIUS Inventeimo só para manter os meus descubrimentos en segredo.

SEÑORITA DOUTOR Está vostede renegando del.

MÖBIUS Entre en razón. Recoñeza vostede que está tola.

SEÑORITA DOUTOR Tan pouco coma vostede.

MÖBIUS Entón terei que berrarlle ao mundo a verdade. Vostede estivo explotándome todos estes anos. Descaradamente. Incluso á miña pobre muller seguiu sacándolle os cartos.

SEÑORITA DOUTOR Vostede non pode facer nada, Möbius. Aínda cando a súa voz se abraise paso ata o mundo exterior, ninguén lle crería. Pois para a opinión pública vostede non é máis ca un louco perigoso. Por mor do seu crimen.

Os tres intúen a verdade.

MÖBIUS Monika?

EINSTEIN Irene?

----- 83 -----

NEWTON Dorothea?

SEÑORITA DOUTOR Eu non fixen máis ca aproveitar unha ocasión. A sabedoría de Salomón tiña que estar a salvo e castigar a vosa traizón. Tiven que facervos inocuos, mediante os vosos asasinatos. Fun eu quen apurrei as tres enfermeiras contra vós. Cos vosos actos xa contaba eu. Estabades determinados como autómatas e matástedes coma verdugos.

Möbius quer avalanzarse sobre ela, Einstein retenno.

SEÑORITA DOUTOR Möbius, é absurdo avalanzarse sobre min. O mesmo de absurdo que era queimar manuscritos que xa obran no meu poder.

Möbius vólvese.

SEÑORITA DOUTOR O que vos arrodea xa non son os muros dunha institución. Esta casa é a caixa forte do meu Trust e encerra tres físicos que son os únicos que saben a verdade aparte de min. Os que vos levan ao rego aquí, non son louqueiros: Sievers é o xefe da miña policía industrial. Fuxístedes adentro do voso propio cárcere. Salomón pensou e actuou a través de vos, e agora aniquílavos. A través de min.

Silencio. A señorita Doutor segue falando devota e sosegadamente.

SEÑORITA DOUTOR Eu asumo o seu poder. E non tiven medo. O meu sanatorio está cheo de parentes loucos, cubertos de xoias e condecoracións. Eu son o último personaxe normal da miña familia. O punto final.

----- 84 -----

Estéril, capaz tan só de amar ao próximo. Por iso Salomón se apiadou de min. El, que posúe mil concubinas, escolleume a min e agora serei máis poderosa ca o meu pai. O meu Trust dominará os países, conquistará os continentes, explorará o sistema solar, viaxará á nebulosa de Andrómeda. A conta esá votada. E non en favor do mundo, senón en favor dunha solteirona vella e chepuda. *Fai soar unha campaniña.*

Pola dereita entra o coidador xefe.

COIDADOR XEFE Boss?

SEÑORITA DOUTOR Ímonos, Sievers. O consello de administración agarda. A empresa mundial ponse en marcha, arranca a produción. *Sae co coidador xefe pola dereita.*

Os tres físicos quedan sos. Silencio. O xogo rematou. Silencio.

NEWTON Isto é o fin/Rematou todo. *Séntase no sofá.*

EINSTEIN O mundo caíu nas mans duha psiquiatra tola. *Séntase ao lado de Newton.*

MÖBIUS O que unha vez foi pensado, xa nunca pode ser retirado. *Séntase no sillón situado á esquerda do sofá.*

Silencio. Miran pasmados ao infinito. Logo comezan a falar con absoluta a calma e naturalidade,

preséntandose sinxelamente ante o público.

NEWTON Eu son Newton. Sir Isaac Newton. Nado o 4 de xaneiro de 1643 en Woolshorpe, preto de Grantham. Son presidente da Royal Society. Pero que ninguén se sinta obrigado a erguerse por iso. Eu escribin: Os Principios Matemáticos da Ciencia Natural. Eu dixen: Hypothesen non fingo. Nos campos da óptica experimental, a mecánica teórica e a matemática *abstracta* non son as miñas aportacións pouco importantes, pero a cuestión acerca da esencia da gravidade tiven que deixala aberta. Tamén escribín obras de teoloxía. Comentarios ao profeta Daniel e ao Apocalipse de Xoan. Eu son Newton, sir Isaac Newton. Son presidente da Royal Society. *Érguese e vaise a súa habitación.*

EINSTEIN Eu son Einstein. O profesor Albert Einstein. Nado o 14 de marzo de 1879 en Ulm. En 1902 traballei como perito na Oficina Federal de Patentes de Berna. Alí establecín a miña Teoría Especial da Relatividade que revolucionou a física. Despois fun membro da Academia Prusiana das Ciencias. Máis tarde convertínme en emigrante. Porque son un xudeu. De min procede a fórmula $E=mc^2$, a clave para a transformación da materia en enerxía. Amo a humanidade e amo o meu violín, pero segundo recomendacións miñas construíuse a bomba atómica. Eu son Einstein. O profesor Albert Einstein. Nado o 14 de marzo de 1879 en Ulm. *Érguese e vai para a súa habitación. Logo escóitaselle tocar o violín. Kreisler. Penas de amor.*

MÖBIUS Eu son Salomón. Son o probe rei Salomón. Fai moito tempo fun inmensamente rico, sabio e temeroso de Deus. Se ante o meu poder temblaban os máis fortes. Eu fun un príncipe da paz e da xustiza. Pero a miña sabiduría destruíu o meu temor de Deus,

----- 86 -----

e cando deixei de temer a Deus a miña sabiduría destruíu a miña riqueza. Mortas están agora as cidades que governei, e baldeiro o reino que me fora confiado, un deserto con destellos azuis e, nalgures, dando voltas arredor dunha pequena, amarela, estrela sen nome, xira e xira sen parar, absurdamente, a Terra radiactiva. Eu son Salomón, eu son Salomón, eu son o probe rei Salomón. *Vai para a súa habitación.*

Agora o salón está baldeiro. Xa só pode escoitarse e o violín de Einstein.

Fin

Apéndice
21 Puntos sobre Os Físicos

1

Eu non parto dunha tese, senón dunha historia.

2

Se se parte dunha historia, esta ten que ser pensada ata o final.

3

Unha historia está pensada ata o final, cando tomou a súa peor deriva posible.

4

A peor posible deriva non é previsible. Preséntase por azar.

5

A arte do dramaturgo consiste en introducir nunha acción o azar da maneira máis eficaz posible.

6

Os portadores dunha acción dramática son seres humanos.

7

O azar nunha acción dramática consiste en cando e onde, quen se atopa casualmente con quen.

8

Canto máis planificadamente actúan as persoas, tanto máis eficazmente é capaz o azar de toparse con elas.

9

Os seres humanos que actúan planificadamente queren acadar unha determinada meta. O azar tópase con eles do xeito máis acusado, cando estes mediante aquel alcanzan o contrario da súa

meta: Iso que eles temían, aquilo que pretendían evitar (p. ex. Edipo).

10

Unha historia tal é grotesca certamente, pero non absurda (contrasentido).

11

Esta é paradóxica.

12

Igual de mal que os lóxicos, poden os dramáticos evitar o paradoxo.

13

Igual de mal que os lóxicos, poden os físicos evitar o paradoxo.

14

Un drama sobre os físicos ten que ser paradórico.

15

Non pode ter como meta o contido da física, senón só a súa repercusión.

16

O contido da física concirne aos físicos, a repercusión, a todos os seres humanos.

17

O que concirne a todos, só todos poden resolvelo.

18

Cada intento de un individuo por resolver para sí o que concirne a todos, ten que fracasar.

19

No paradoxo comparece a realidade.

20

O que se sitúa enfrente do paradoxo, abandoa a realidade.

A acción dramática pode superar en astucia ao espectador, abandoar a realidade, pero non forzar a manterse nela ou aínda a dominala.

Escrito para o tomo de obras reunidas “Komödien II”, Editorial da Arche, Zurich, 1962.